

Pierre Louÿs

AS CANCIÓNS DE BILITIS



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)

Citar como: Pierre Louÿs: *As cancións de Bilitis* Tradución ao galego de Henrique Harguindey. <http://palabrasdesconxeladas.com>



PIERRE LOUÿS

Ás veces unha única faceta pode chegar a escurecer o conxunto dunha persoa, fornecendo unha imaxe parcial. Eis o que aconteceu con Pierre Louÿs. A popularidade da súa obra erótica agachou para o público xeral outros eidos da súa creación e importantes aspectos da súa prolífica e meticulosa actividade. O Pierre Louÿs erotómano, que foi real e permanente -tanto na escrita literaria e a elaboración teórica como na súa práctica persoal, tanto depurado publicamente como explícito de a feito en privado- arrombou ao Pierre Louÿs poeta lírico, ao Pierre Louÿs mestre da Cultura Grecolatina, ao Pierre Louÿs experto en Literatura que esclareceu numerosas incógnitas, ao Pierre Louÿs bibliómano que documentou milleiros de obras literarias...

Efectivamente, o seu vasto coñecemento da Antigüidade Clásica levouno a rectificar grosos erros cometidos por algún eminente profesor universitario que criticaba as súas traducións ; o seu coñecemento da obra de Corneille e da época de Luís XIV levouno a soste que fora aquel -escribindo como *negro*- o autor da maior parte das obras de Molière¹; e a súa paixón polo libro levouno a coleccionar unha inmensa e valiosísima biblioteca de máis de vinte mil volumes e a crear e dirixir unha revista bibliográfica.

Hoxe a imaxe pública de Pierre Louÿs está mudando, para ser máis acaída con esta profundidade e esta diversidade, grazas ao labor de numerosos expertos que veñen realizando dende hai anos un profundo traballo de restauración da súa vida e a súa obra. É fundamental, neste sentido, o labor de Jean-Paul Goujon, e significativo o feito de que a editorial Gallimard, publicase nun volume da súa prestixiosa colección *NRF Poésie* as cancións de Bilitis, seguidas de *Pervigilium Mortis*², composición poética coñecida e publicada postumamente.

Pervigilium Mortis é o diálogo en verso dos dous namorados poetas, Marie de Heredia³ e Pierre Louÿs, no que a perfección formal acompaña o arreguizo puro e representa o triunfo da vida, a supervivencia do poema ante a desaparición e a morte. *Pervigilium Mortis* está hoxe considerado como a cimeira da obra versificada do autor e sitúao como un dos grandes da poesía francesa. Igual que *Les chansons de Bilitis* son a cimeira da súa obra poética en prosa.

¹ Esta sorprendente teoría estaba apoiada en sólidas análises estilísticas e sintácticas. O debate continúa aberto e recentemente varios estudos que empregaron avanzados métodos estadísticos da Lingüística Aplicada chegaron á mesma conclusión.

² Pierre Louÿs: *Les chansons de Bilitis* suivi de *Pervigilium Mortis*. Édition de Jean-Paul Goujon. NRF Poésie/Gallimard, 2013. Os lectores e lectoras poderán atopar nesta edición anotada numerosos documentos e informacións sobre as dúas obras e en xeral sobre o autor.

³ Marie de Heredia -Marie de Régnier polo seu casamento- asinou a súa obra como Gérard d'Houville e recibiu en 1918 o premio literario da Academia Francesa polo conxunto da súa obra. A Bibliothèque Nationale de France dedicoulle en 2004 unha exposición: "Marie de Régnier, muse de la Belle Époque".

II

Pierre Louÿs (nome literario de Pierre Louis) nace en 1870 no seo dunha familia rica e con grande influencia social. Polo lado paterno, o seu bisavó fora ministro de Finanzas de Napoleón, de Luís XVIII e mais de Luís-Filipe; polo materno tamén hai distintas celebridades, como Junot, xeneral de confianza de Bonaparte, que o nomeou duque de Abrantes ao culminar con éxito, en colaboración coas tropas españolas, a invasión de Portugal.

Aos nove anos mórrelle a nai e faise cargo da educación de Pierre o seu padriño George, medio irmán vintetrés anos máis vello (e, ao parecer, seu verdadeiro pai). A relación entre Pierre e George –que chegará a ser embaixador de Francia na corte do zar de Rusia- será intensísima, carteándose arreo durante toda a súa vida.

Aos 17 anos, aínda estudante, comeza a escribir e faise moi amigo dun condiscípulo: André Gide. Nesas anos de mocidade traba sólida amizade con escritores e artistas franceses e estranxeiros como Heredia, Mallarmé, Valéry, Debussy, Apollinaire, Sarah Bernhardt, Oscar Wilde... Funda e dirixe a revista *La Conque* na que escriben Leconte de Lisle, Verlaine, Mallarmé, Moréas, Swinburne, Valéry, Gide e el mesmo.

En 1892 publica o primeiro libro, *Astarté*, que agrupa os seus poemas publicados en *La Conque*. Segue a escribir verso e prosa (narracións e contos), traduce e publica obras de autores gregos da Antigüidade (Meleagro, Luciano de Samosata) e dá ao prelo as *Cancións de Bilitis* (1894), supostos poemas dunha contemporánea de Safo traducidos por el.

E continúa asinando producións propias, como *Aphrodite* (1896), unha novela que ao primeiro pasa despercebida ata que o crítico e poeta François Coppée publica un artigo entusiasta que orixinará a venda espectacular: o libro, que aparecera en marzo cunha tirada de mil cen exemplares, antes de rematar o ano xa vendera cincuenta e cinco mil. Logo virán, entre outras obras, *La femme et le pantin* (1898) e *Les aventures du roi Pausole* (1901).

Tras unha profunda crise económica e vital abandona a comezos do século XX a creación literaria pública para se concentrar na investigación. Só moito despois recupera a escrita e a publicación poética con *Isthi* (1916) e *Poétique* (1917). Os anos 1920 serán os da decadencia física de Pierre Louÿs (enfisema, problemas mentais, cegueira) ata a súa morte en 1925.

Logo de morrer, coñécense e publícanse moitas obras inéditas súas: de erotismo extremo e ton provocador (*Trois filles et leur mère*, *Manuel de civilité pour les petites filles à l'usage des maisons d'éducation*, *Pybrac*, *Histoire du roi Gonzalve et des douze princesses*, etc.) ou poéticas (*Pervigilium mortis*)

A relación con Marie, filla do poeta José-María de Heredia marcou decisivamente a súa vida: Pierre Louÿs e o seu amigo Henri de Régnier, tamén poeta, estaban os dous namorados dela e tiñan un pacto que Régnier rompe en

1895 casando de improviso con Marie, ignorante do asunto. Marie e Pierre coñecerán un amor afervorado e clandestino que continuará ata 1901, tempo despois de Pierre casar con Louise, a máis nova das irmás Heredia.



Pierre e Marie

III

Les chansons de Bilitis apareceron en 1894. O seu tradutor –identificado simplemente como P.L.- relataba, na biografía da poeta que precedía ás cancións, as circunstancias da « descuberta ». Seica o arqueólogo alemán G. Heim atopara o seu túmulo, cos textos gravados nas paredes. Todo un luxo de detalles nesa introdución, e varias notas, apoiaban a veracidade. Bilitis, nacida e criada na Panfilia, fora despois coñecida e amante ocasional de Safo na illa de Lesbos, onde tivera coa mociña Mnasidica un longo idilio; roto finalmente este, Bilitis vaise a Chipre, illa na que vive como cortesá ata que, ante a decadencia física, decide, perto dos seus corenta anos de idade, pórle fin á escrita poética.

O libro, de corta tiraxe (500 exemplares), ten un forte impacto. Aínda que algún crítico e especialista sinala reticencias ao consideralo impregnado dunha mentalidade moderna, outros avalan a existencia da escritora –que eles, claro está, xa coñecían- e mesmo hai quen, « partindo do orixinal grego », sinala discrepancias coa tradución. En todo caso, a súa calidade lírica e o tratamento innovador da opción lésbica como amor natural causan unha expectación certa.

E mais tratábase dunha ficción literaria. Unha leria dun mozo de 24 anos, sólido coñecedor da Antigüidade, que entre datos verdadeiros deixara escorrer un aviso, pois a palabra *Geheim*, nome do suposto descubridor, significa en alemán « segredo ». Pierre Louÿs, partindo de versos e fragmentos reais, inventara a poeta e creara os seus textos. Segredo que os seus amigos non ignoraban (non fose que tamén eles caíran no ichó) e que pouco tempo despois revelará.

Resulta prodixiosa a capacidade do autor para escribir un libro tan ben tecido aos seus anos e na escasa marxe de oito meses. Nese tempo escribe dúas mil páxinas de textos, notas e variantes.

Bilitis supón o triunfo da perfección estética, do ritmo e da sonoridade, nunha atmosfera sensual situada na Grecia máis orientalizante, as terras do leste do mar Exeo e do Mediterráneo. Mais, por cima das súas escasas fontes helénicas – necesarias para a verosimilitude da ficción e concordantes cos gustos do parnasianismo e do simbolismo– as cancións de Bilitis son obra de experiencias e vivencias de Pierre Louÿs, creación intemporal e inespacial súa.

Para o escritor, os poemas en prosa constituían a máis alta expresión da perfección literaria. Non era nova a devoción por este xénero despois da publicación dos *Petits poèmes en prose* de Baudelaire, mais a orixinalidade de Louÿs –como sinala Jean-Pierre Goujon– está en constituír unha unidade narrativa coherente, unha « novela lírica » da que cada poema, coa mesma composición estrófica equivalente a un soneto, sería un capítulo. Así el « *consagrou todos os seus coidados á harmonía e o ritmo das Cancións de Bilitis, que baixo a súa aparente simplicidade, agachan unha linguaxe en extremo elaborada,* ».

Un esforzo constante levou o escritor a revisar, reformar e suprimir textos en poemas xa publicados e a engadir moitos outros novos. A primeira edición contiña os textos de 93 cancións e os títulos doutras 7 « non traducidas », a segunda –en 1898– terá 146 e 12 « non traducidas ». E non só hai modificacións importantes nas cancións –ao cabo, a materia fundamental da obra– senón tamén noutros elementos: dedicatoria, citas, notas, bibliografía, etc. Pierre Louÿs traballou profundamente esta segunda edición e continuou logo a escribir máis cancións. As « non traducidas » insinuaban un atrevemento no contido que as facía impubricables. Velaí como as explicaba o autor: « *Son pezas necesarias para a composición do volume e que se han engadir a el des que teñamos obtido do lexislador francés a liberdade moral pola que eu fago campaña.* »

O escritor gozou enormemente na composición deste libro (« *Non o retomo nunca sen o pracer que ningún outro manuscrito me dá* ») mais tiña ante cada nova publicación o « pánico escénico » do perfeccionista e dicía pouco antes de aparecer a segunda edición: « *Verdadeiramente, é un volume que me terá dado moito pracer ao escribilo. Se eu fose rico, non o había publicar antes de aquí a dez anos e había traballar nel sen descanso. Endexamáis estará rematado.* » Xusto dez anos despois, en 1914, aparecía a edición da editorial Crès, a derradeira revisada e corrixida polo autor que é a reproducida por Goujon en *Gallimard/Poésie* e que nós seguimos tamén aquí.

Tras a morte de Louÿs apareceron milleiros de documentos inéditos que por desgraza foron espallados en poxas perdéndose a pista de moitos. Entre eles figuraban distintas cancións de Bilitis non publicadas. Algunhas delas constituíron o que se denominou, ao se publicaren anos despois, *Les chansons secrètes de Bilitis*, caracterizadas polo emprego de termos totalmente explícitos de sexo.

Bilitis foi entendida como peza fundamental por destacadas feministas. Así a escritora estadounidense Natalie Clifford Barnett –dende 1901 amiga fiel de Louÿs- escribíalle a este :

« É vostede un mestre incomparable e os seus arcos da vella permanecen sobre do papel. As súas voluptuosidades resucitan cada vez que as lemos, están espetadas eternamente novas e belidas... e todo o que di sabe enmeigarme de novo e deliciosamente. Mesmo as súas sombras son tenras como aloumiños extenuados, todo o de vostede arrola cunha promesa, fascina cunha cor. Fai libros ledos e Bilitis provocoume éxtases máis apurados e agarimos máis agarimosos que calquera outra amante. Se eu tivese querido facer libros, sería para lle responder e quixera ser unha desas voces que as súas palabras acordaron, e dicirlle ao mundo vello e xordo a poder de mentiras, cego a poder de fealdade, que xa existen rapazas da sociedade futura que aprecian o que vostede fixo para elas e que queren expresarlle, por moi incoherentes e faltas de habelencia que poidan ser, o seu agradecemento. »

E non esquezamos que a primeira asociación estadounidense de defensa das lesbianas, creada en 1955 en San Francisco, adoptou como nome *Daughters of Bilitis*, as fillas de Bilitis.

Mais reducir a obra de Pierre Louÿs á dimensión ideolóxica significa minimizala pois conserva intacta a calidade estética e estilística, literaria, que ese adorador de Eros, de Venus e de Astarté lle soubo imprimir.

Con xusteza e xustiza escribíalle Stéphane Mallarmé :

« Hoxe son as Cancións de Bilitis as que me fan amalo a vostede : unha maravilla ! E canto máis sabio que traducir resulta o seu emprego ! Paréceme, en efecto, que a Antigüidade, na súa pura esencia, debe volver de novo a nós ao través da ledicia creadora de rapaces contemporáneos, nos que aquela recupera un xeito innato como reservado por ela para o futuro. Ata o veo delicado de ficción, todo aquí se presta ao efecto e a delicia é total. »



Observación : Todas as notas ao pé desta edición son do tradutor excepto a de Pierre Louÿs na *Vida de Bilitis*.

ESTE LIBRIÑO DE AMOR ANTIGO
ESTÁ RESPECTUOSAMENTE ADICADO
ÁS MOCIÑAS DA SOCIEDADE FUTURA

VIDA DE BILITIS

Bilitis naceu no comezo do século sexto antes da nosa era nunha aldea de montaña situada á beira do Melas, contra o oriente da Panfilia. Esa bisbarra é grave e tristeira, ensombrecida por fragas profundas e dominada pola masa enorme do Tauro ; da rocha abrollan fontelas petrificantes, sobre das alturas existen grandes lagos salgados, e os vales están cheos de silencio.

Era filla dun grego e dunha fenicia. Semella non ter coñecido o seu pai, porque non aparece mesturado en ningures cos recordos da súa infancia. Se cadra mesmo morrera antes de que ela non viñese ao mundo. Outramente sería difícil explicar como leva un nome fenicio que só a súa nai lle puido dar.

Nesa terra case deserta levaba unha vida tranquila coa súa nai e as súas irmás. Outras rapazas que foron súas amigas moraban non lonxe de alí. Nas abas boscosas do Tauro algúns pastores facían pacer os seus rebaños.

Pola mañá, des que o galo cantaba, erguíase, ía á corte, daba de beber ao gando e ocupábase de munxir o leite. Polo día, se había choiva estábase no xineceo e fiaba a súa roca de la. Se facía bo tempo, corría polos campos e xogaba coas súas compañeiras en mil enredos que nos conta.

Bilitis tiña polas ninfas unha devoción ardente. Os sacrificios que ofrecía eran case sempre na fonte destas. Mesmo lles falaba moitas veces, mais semella que non as ten visto nunca, tanta é a veneración con que refire as lembranzas dun vello que no pasado as sorprendera.

O final da súa existencia pastoril viuse atristado por un amor do que sabemos pouca cousa aínda que ela fale longamente del. Deixou de cantalo cando lle chegou a infelicidade. Convertida en nai dun fillo que abandonou, Bilitis foise da Panfilia dun xeito bastante misterioso e non volveu ver nunca o lugar do seu nacemento.

Atopámola logo en Mitilene, onde fora por ruta marítima bordeando as belidas costas de Asia. Apenas tiña dezaseis anos, segundo as conxecturas do señor Heim, que estableceu con verosimilitude algunhas datas da vida de Bilitis a partir dun verso que alude á morte de Pitacos.

Lesbos era daquela o centro do mundo. A medio camiño entre a fermosa Ática e a fastuosa Lidia, tiña por capital unha cidade máis ilustrada que Atenas e máis corrompida que Sardes: Mitilene, construída enriba dunha península, á vista das costas de Asia. O mar azul rodeaba a cidade. Dende a altura dos templos albiscábase no horizonte a liña branca de Atarneo, que era o porto de Pérgamo.

As rúas estreitas e sempre ateigadas pola multitude resplandecían de tecidos variegados, túnicas de púrpura e de xacinto, cíclades de sedas transparentes, basaras⁴ que se arrastraban entre o po do calzado amarelo. As mulleres levaban nas orellas grandes aros de ouro enfiados con perlas brutas, e nos brazos brazaletes de prata maciza groseiramente labrados en releve. Os propios homes tiñan a cabeleira brillante e perfumada con aceites raros. Os nocellos das gregas ían nus entre o chouqueleo dos periscelis, amplas serpes de metal claro que tingueleaban contra os calcaños; os das asiáticas movíanse en botinas moles e pintadas. Por grupos, os camiñantes estacionaban diante das tendas en fachada onde só se vendía o exposto: tapetes de cores escuras, fundas con fíos de ouro entretecidos, xoias de ámbar e de marfil, segundo as rúas. A animación de Mitilene non cesaba co día: non había hora tan serodia que non se sentisen, polas portas abertas, ledos sons de instrumentos, berros de mulleres e ruído de danzas. O mesmo Pitacos, que quería poñer un pouco de orde a esta perpetua bandallada, fixo unha lei que lles prohibía ás tocadoras de flauta novas de máis participaren nos festíns nocturnos; con todo, esta lei nunca foi severa.

⁴ Longos vestidos ondeantes feitos con pelica de raposo. (Ver nota 26, canción 101)

Nunha sociedade na que os maridos están pola noite tan ocupados co viño e as bailadeiras, as mulleres tiñan fatalmente que se achegar e atopar entre elas consolo para a súa soedade. De aí veu que se enterneceran con eses amores delicados aos que a antigüidade xa lles daba o seu nome, e que manteñen, pensen o que pensen os homes, máis paixón verdadeira que viciosa procura.

Daquela Safo aínda era fermosa. Bilitis coñeceuna e fálanos dela co nome de Psafa que tiña en Lesbos. Sen dúbida foi esa muller admirable quen lle aprendeu á pequena panfilea a arte de cantar en frases rítmicas e de lle conservar á posteridade a lembranza dos seres queridos. Infelizmente Bilitis dá poucos detalles encol desta figura hoxe tan mal coñecida, e hai que lamentalo, pois a menor frase tocante á gran inspiradora tería sido preciosa. Pola contra, deixounos nunha trintena de elexías a historia da súa amizade cunha mociña da súa idade que se chamaba Mnasidica, e que viviu con ela. Xa coñeciamos o nome desta mociña por un verso de Safo no que se exalta a súa fermosura, mais este mesmo nome era dubidoso, e Bergk⁵ inclinábase a pensar que se chamaba sinxelamente Mnais. As cancións que se lerán máis en diante proban que esta hipótese debe ser abandonada. Mnasidica semella ter sido unha rapaciña moi doce e inocente, un deses seres meigos que teñen por misión deixárense adorar, tanto máis queridos canto menos esforzos fan para mereceren o que lles dan. Os amores sen motivo son os que máis duran, este durou dez anos. Verase como rompeu por culpa de Bilitis, de quen os ciúmes excesivos non comprendían ningún eclectismo.

Cando sentiu que nada a retiña xa en Mitilene senón dorosas lembranzas, Bilitis fixo unha segunda viaxe: dirixiuse a Chipre, illa grega e fenicia como a mesma Panfilia e que lle debeu lembrar con frecuencia o aspecto do seu país natal.

Foi alá onde Bilitis recomezou por terceira vez a súa vida, e dunha maneira que me será máis difícil de facer admitir se non se comprendeu aínda ata que punto o amor era cousa santa entre os pobos antigos. As cortesás de Amatonte non eran como as nosas, criaturas decadentes exiladas de toda sociedade mundana; eran rapazas saídas das mellores familias da cidade e que agradecían a Afrodita a beleza que lles dera, consagrando ao servizo do seu culto esa beleza recoñecente. Todas as cidades que posuían, como Chipre, un

⁵ Helenista alemán. (Nota que figura na edición orixinal)

templo rico en cortesás, tiñan tocante a estas mulleres as mesmas atencións respectuosas.

A incomparable historia de Friné, tal como Ateneo nola transmitiu, dará algunha idea de tal veneración. Non é certo que Hipérides precisara espila para dobregar o Areópago, e mais o crime era grande pois ela asesinara. O orador non esgazou senón o alto da súa túnica e só revelou os seus seos. E suplicoulles aos xuíces « non faceren morrer a sacerdotisa e *a inspirada por Afrodita* ». Ao contrario das outras cortesás, que saían vestidas con cíclades transparentes ao través dos que aparecían os detalles todos do seu corpo, Friné tiña o costume de se envolver, mesmo os cabelos, nunha desas grandes vestimentas de pregues das que as figuras de Tanagra nos conservaron a graza. Ninguén, se non era dos seus amigos, vira os seus brazos nin os seus ombreiros, e nunca ela se amosaba na piscina dos baños públicos. Mais un día aconteceu unha cousa extraordinaria. Era o día das festas de Eleusis, vinte mil persoas chegadas de todos os países da Grecia estaban reunidas na praia cando Friné se adiantou rente das ondas : tirou a súa vestimenta, desfixo o seu cinto, tirou mesmo a túnica de debaixo « desenvolveu todos os seus cabelos e entrou no mar ». E nesta multitude estaban Praxiteles, que seguindo esta deusa vivinte deseñou a Afrodita de Cnido, e Apeles, que entreviu a forma da súa Anadiomene. Pobo admirable, diante do cal a Beleza podía aparecer núa sen excitar a ira nin a falsa vergoña !

Quixera que esta historia fose a de Bilitis, porque, ao traducir as súas cancións, púxenme a amar a amiga de Mnasidica. Sen dúbida a súa vida foi tamén toda maravillosa. Sinto só que non se teña falado máis dela e que os autores antigos, polo menos os que sobreviviron, sexan tan escasos en informacións sobre a súa persoa. Filodemo, que a plaxiou dúas veces, nin mesmo menciona o seu nome. A falta de fermosas anécdotas, rogo que aceptemos contentarnos cos detalles que ela mesma nos dá sobre a súa vida de cortesá. Foi cortesá, non se pode negar, e mesmo as súas derradeiras cancións proban que aínda tendo as virtudes da súa vocación tamén tiña as súas peores feblezas. Mais eu só quero coñecer as súas virtudes. Era piadosa, e mesmo practicante. Permaneceu fiel ao templo en tanto que Afrodita consentiu prolongar a mocidade da súa máis pura adoradora. No día en que deixou de ser amada deixou de escribir, di ela. E mais é difícil admitir que as cancións de Panfilia teñan sido escritas na época en que foron vividas. Como é que unha pastoriña das montañas tería aprendido a escandir os seus versos segundo os difíciles ritmos da tradición eolia ? Atoparemos

máis verosímil que, xa vella, se compracese en cantar para ela propia as lembranzas da súa recuada infancia. Non sabemos nada sobre ese derradeiro período da súa vida. Non sabemos nin mesmo a que idade morreu.

O seu túmulo foi atopado de novo polo señor G.Heim en Paleo-Limisso, á beira dun camiño antigo, non lonxe das ruínas de Amatonte. Estas ruínas case desapareceron dende hai trinta anos e as pedras da casa na que se cadra viviu Bilitis enlousan hoxe os peiraos de Port-Saïd. Mais o túmulo era soterraño, segundo o costume fenicio, e escapara mesmo aos ladróns de tesouros.

O señor Heim penetrou nel ao traveso dun pozo estreito cuberto de terra, no fondo do cal atopou unha porta cegada que foi preciso derrubar. O panteón espacioso e baixo, enlousado con laxes de calcáreo, tiña catro paredes recubertas de placas de anfibolita negra, nas que estaban gravadas en capitais primitivas todas as cancións que se van ler, a parte os tres epitafios que decoraban o sarcófago.

É aí onde repousaba a amiga de Mnasidica, nun gran cadaleito de terracota baixo unha tampa modelada por un estatuario delicado que trazara na arxila a face da finada : os cabelos estaban pintados en negro, os ollos semipechados e prolongados con lápis como se estivese viva, e a meixela apenas dulcificada por un sorriso lixeiro que nacía das liñas da boca. Nada dirá endexamais o que eran eses beizos, a un tempo limpos e remarcados, moles e finos, unidos un ao outro e como embebedados por se xuntaren.

Cando se abriu a tumba, ela apareceu no estado en que unha man piadosa a colocara, vintecatro séculos denantes. Uns frasquiños de perfume pendían das caravillas de barro, e un daqueles, despois de tanto tempo, estaba aínda embalsamado. O espello de prata pulida no que Bilitis se mirara e o estilete que arrastrara o enfeite azul polas súas pálpebras foron atopados no seu sitio. Unha pequena Astarté núa, reliquia para sempre preciosa, seguía a velar enriba do esqueleto ornado con todas as súas xoias de ouro e branco coma unha rama de neve, mais tan doce e tan fráxil que no momento en que os dedos o rozaron se confundiu en poeira.

PIERRE LOUÏS
Constantina, Agosto de 1894

I

BUCÓLICAS EN PANFILIA

Ἄδὺ δέ μοι τὸ μέλισμα. καὶ ἦν σύριγγι μελίσδω
κῆν αὐλῶ λαλέω, κῆν δώνακι, κῆν πλαγιαύλῳ.

TEÓCRITO⁶

⁶ Segundo os helenistas modernos estes versos non son de Teócrito senón doutro autor coñecido coma o Pseudo-Teócrito. A tradución do anaco é : « Os meus cantos son harmoniosos, faga eu cantar a sirinx, faga eu falar a flauta recta, a cana ou a flauta travesa ».

1.- A ÁRBORE

Desvestinme para gabear a unha árbore, as miñas coxas núas abrazaban a casca lisa e húmida e as miñas sandalias camiñaban por riba das pólas.

No alto de todo, mais aínda so as follas e ao abeiro da calor, púxenme de a cabalo nunha galla forcada abaneando os meus pés no vacío.

Chovera. Caían pingas de auga e escorregábanme pola pel. Tiña as mans emborradadas de musgo e as dedas vermellas por mór das flores esmagadas.

Sentía vivir a fermosa árbore cando o vento pasaba ao seu través, entón eu apertaba máis as miñas pernas e pousaba sobre da caluga encabelada dunha rama os meus beizos abertos.

2.- CANTO PASTORIL

Cómpre cantarmos un canto pastoril, invocarmos Pan, deus do vento do vran. Estou a gardar o meu rebaño e Selenis o seu, á sombra redonda dunha oliveira que tremela.

Selenis está deitada no prado. Érguese e corre, ou procura carricantas, ou colle flores con herbas, ou lava a cara na auguiña fresca do regato.

Eu arranco a la do lombo loiro das ovellas para adoviar con ela a miña roca, e fío. As horas son lentas. Unha águia pasa polo ceo.

A sombra vira : mudemos de lugar o canistrelo dos figos e a cantariña do leite. Cómpre cantarmos un canto pastoril, invocarmos Pan, deus do vento do vran.

3.- FALAS MATERNAS

Miña nai báñame ás escuras, vésteme a pleno sol e peitéame á luz, mais se é que saio ao luar, apértame o cinto e faille un dobre nó.

Dime : « Xoga coas virxes e baila cos cativiños, non espreites pola fiestra, foxe das falas dos mozos e teme o consello das viúvas.

Un serán, alguén, como a todas, hate vir coller no limiar en medio dunha gran comitiva de pandeiros sonoros e de flautas amorosas.

Ese serán, ao te ires, Bilitó, hasme deixar tres cabazas de fel : unha para a mañá, outra para o mediodía e a terceira, a máis amarga, a terceira para os días de festa. »

4.- OS PÉS DESCALZOS

Teño o cabelo negro a me caír polo lombo, e un casquetiño redondo. A miña camisa é de la branca. As miñas pernas firmes enlourececen ao sol.

Se vivise na cidade tería xoias de ouro e camisas douradas e mais zapatos de prata... Miro os meus pés descalzos, nos seus zapatos de poeira.

Psofis ! Ven aquí, miña pobriña ! Lévame aos nacedoiros, lava os meus pés nas túas mans e preme olivas con violetas para as perfumar sobre das flores.

Hoxe has ser miña escrava, hasme seguir e servir, e ao findar a xornada heiche dar, para a túa nai, lentellas do horto da miña.

5.- O VELLO E AS NINFAS

No monte vive un vello cego. Por ter mirado as ninfas, os seus ollos están mortos hai moito tempo. E dende aquela a súa felicidade é unha lembranza recuada.

« Vinas, si –dixome el- Helopsicria e Limnantis, estaban de pé, rente da beiriña, na lagoa verde de Fisos. A auga brillaba, máis alta ca os seus xeonllos.

As súas calugas pandaban baixo as longas cabeleiras. As súas unllas eran delgadas como ás de carricantas. Os bicos dos seus peitos estaban ocos como cálices de xacintos.

Paseaban os seus dedos riba da auga e tiraban do lodo invisible os nenúfares de longo talo. Arredor das súas coxas separadas espallábanse círculos lentos... »

6.- CANCIÓN

« -Tarta-tartaruga, que fas ti aí no medio ? - Debandando a la e o fío de Mileto –Coitada ! Coitada ! Seica non ves bailar ? –Teño moito pesar. Teño moito pesar.

-Tarta-tartaruga, que fas ti aí no medio ? – Cortando unha cana para a flauta fúnebre. –Coitada ! Coitada ! E logo que foi ? –Non o hei dicir. Non o hei dicir.

-Tarta-tartaruga, que fas ti, aí no medio ? – Premendo as olivas para o óleo da estela. –Coitada ! Coitada ! E quen morreu, logo ? – Pódelo preguntar ? Pódelo preguntar ?

-Tarta-tartaruga, que fas ti, aí no medio ? –Caíu no mar... - Coitadada ! Coitada ! E como foi ? – Dende o alto dos cabalos brancos. Dende o alto dos cabalos brancos. »

7.- O CAMIÑANTE

Cando estaba sentada ao serán diante da porta da casa, cadrou de pasar un mozo. Olloume e eu virei a testa. Faloume e non respondín.

Quíxoseme achegar. Pillei un fouciño de contra a parede e teríalle fendido a meixela se el tivera dado un paso

Entón, recuando un pouquiño, botouse a sorrir e soprou cara a min na súa man, dicindo : « Recibe o bico ». E eu berrei e chorei. Tanto que miña nai veu correndo.

Inqueda, crendo que me picara un escorpión. Eu choraba : « Bicoume ». Tamén miña nai me bicou e me levou no seu colo

8.- O ACORDAR

Xa é día aberto, Debería estar a pé. Mais o sono da mañá é doce e a calor do leito retenme acorada. Quero seguir deitada aínda.

Loguiño hei ir á corte. Heilles dar ás cabras herba e flores, e mais o odre de auga fresca tirada do pozo, da que hei beber ao mesmo tempo ca elas.

Despois heinas atar no esteo para munxir os seus dondos ubres mornos, e se os cabirtos non teñen ciúmes hei chuchar con eles os tetos amolentados.

Seica Amaltea non alimentou a Zeus ? Daquela hei ir. Mais aínda non. O sol ergueuse demasiado cedo e miña nai non está desperta

9.- A CHUVIA

A chuvia fina mollou as cousas todas, moi devagar e caladiñamente. Chove aínda un pouco. Vou saír baixo as árbores. Cos pés descalzos para non lixar o meu calzado.

A chuvia na primavera é deliciosa. As pólas cargadas de flores molladas teñen un recendo que me atorda. Vese brillar ao sol a pel delicada das cascas.

Coitadiñas! Que de flores polo chan! Doédevos das flores caídas. Non hai que as varrer e mesturalas no bulleiro senón gardalas para as abellas.

Os escarabellos e as limachas atravesan o camiño entre as pucharcas, eu non quero tripalos nin amedoñar o lagarto dourado que se estarrica e chisca as pálpebras.

10.- AS FLORES

Ninfas dos bosques e das fontes, amigas benfeitoras, aquí estou. Non vos agachedes, vídeme pola contra axudar pois magóame tanta flor arrancada.

Quero escoller en toda a fraga unha pobre hamadríade de brazos ergueitos, e nos seus cabelos da cor das follas hei espetar a miña máis pesada rosa.

Ollade, collín tantas nos campos que non podería levalas se non me facedes un ramo con elas. Se vos negades, tede conta :

Aquela de vós que ten os cabelos alaranxados, eu vina onte cuberta coma unha besta polo sátiro Lamprosates, e hei denunciar a impúdica.

11.- IMPACIENCIA

Boteime nos seus brazos chorando, e moito tempo sentiu ela correr as miñas bágoas quentes polo seu ombreiro antes de que a miña dor me deixase falar :

« Coitada de min ! Non son máis ca unha meniña e os homes non me miran. Cando hei ter coma ti seos de moza que fan opar o vestido e atraen bicos ?

Ninguén ten ollos curiosos se a miña túnica escorrega, ninguén recolle unha flor que cai dos meus cabelos, ninguén di que me ha matar se a miña boca se dá a outro. »

Ela respondeume agarimosamente : « Bilitis, nena virxe, berras coma unha gata á lúa e reboles sen motivo. As rapazas máis impacientes non son escollidas as primeiras ».

12.- AS COMPARANZAS

Labrandeira, paxariño de Cipria⁷, canta cos nosos primeiros desexos ! O corpo novo das mociñas cóbrese de flores coma a terra. A noite dos nosos soños todos achégase e falamos diso entre nosoutras.

Por veces comparamos xuntas as nosas fermosuras tan diferentes, as nosas cabeleiras xa longas, os nosos seos mocetes aínda pequenos, as nosas puberdades redondas como paspallases e aniñadas baixo a penuxe nacente.

Onte loitei dese xeito contra Melanto, que é maior ca min. Ela estaba orgullosa do seu peito, que acababa de medrar nun mes, e sinalando a miña túnica lisa chamárame « cativiña ».

Ningún home podía vernos : puxémonos nús diante das rapazas e, se ela venceu nun punto, eu gañeille de lonxe nos outros. Labrandeira, paxariño de Cipria, canta cos nosos primeiros desexos !

⁷ A labrandeira ou lavandeira estaba adicada á deusa Afrodita, chamada ás veces Cipria por se lle atribuír o nacemento en Chipre.

13.- O RÍO DA FRAGA

Bañeime soa no río da fraga. Sen dúbida metíalles medo ás náíades, pois apenas as adiviñaba, e ben ao lonxe, baixo a auga escura.

Chameinas. Para asemellarme a elas de a feito, trencei por tras da miña caluga iris negros coma os meus cabelos con acios de alelés amareliños.

Cunha longa herba que aboiaba fíxenme un cinto verde, e para velo apreixaba os meus seos debruzando un pouco a testa,

E chamaba : « Náíades ! Náíades ! Xogade comigo, sede boas ! »
Mais as náíades son transparentes, e, se cadra, sen o saber, acariñei os seus brazos lixeiros.

14.- FITTA MELIAI

Ao que o sol queime menos, habemos ir xogar á beira do río e habemos loitar por un fráxil croco⁸ e mais por un xacinto mollado.

Habemos facer o colar da roda e a grinalda da carreira.
Habémonos coller pola man e pola caída das nosas túnicas.

Fitta Meliai⁹, dádenos mel! Fitta Náíades, bañádenos convosco!
Fitta Melíades, dádelles doce sombra aos nosos corpos suorosos!

E nós habémosvos ofrecer, ninfas benfeitoras, non ruín viño senón óleo e leite e mais cabras de cornos encorvallados.

⁸ Os crocos ou crocus son un xénero de plantas iridiáceas que comprende máis de oitenta especies, entre elas o azafrán.

⁹ “Vamos, melíades!”, como despois: “Vamos, náíades”. As melíades eran un tipo de ninfas.

15.- O ANEL SIMBÓLICO

Os viaxeiros que volven de Sardes falan dos colares e das pedras que cargan as mulleres de Lidia, dende o cimo dos seus cabelos ata os seus pés coloreados.

As rapazas da miña terra non teñen brazaletes nin diademas, mais o seu dedo leva un anel de prata, e no engaste vai gravado o triángulo da deusa.

Cando elas viran a punta cara a fóra, quere dicir : « Psique pódese coller ». Cando viran a punta cara a dentro, quere dicir : « Psique collida. »

Os homes créno. As mulleres non. Eu case non miro de que lado a punta está virada, porque Psique líbrase doadamente. Psique pódese coller sempre.

16.- AS DANZAS AO LUAR

Sobre da herba mol, na noite, as mociñas de cabelos de violeta danzaron todas xuntas, e unha de cada dúas dicía as respostas do namorado.

As virxes dixeron : « Nós non somos para vós ». E, como se tivesen vergoña, agachaban a súa virxindade. Un exipán tocaba a flauta baixo as árbores.

As outras dixeron : « Ides virnos buscar ». Apertaran os seus vestidos como túnicas de home e loitaban sen enerxía mesturando as súas pernas danzantes.

Despois, cada unha proclamándose vencida, tomou a súa amiga polas orellas, coma unha copa polas dúas asas, e, coa testa debruzada, bebeu o bico.

17.- OS CATIVIÑOS

O río vai case seco, as xuncas murchas morren no fango, o aire queima, e lonxe das ribeiras esburacadas un regueiro clariño corre por cima dos callaos.

É alí onde da mañá á tardiña veñen xogar os cativos espidos. Báñanse, non moi por riba das súas canelas, tan baixo vai o río.

Mais camiñan na corrente e escorregan ás veces entre as penas, e os rapaciños borrífanlles auga ás rapaciñas que rin.

E cando unha recovaxe de mercadores que pasa leva beber no río os enormes bois brancos, eles cruzan as mans por tras e miran os altos animais.

18.- OS CONTOS

Os cativiños querenme ; des que me ven, veñen correndo onda min e aférranse á miña túnica, e collen as miñas pernas nos seus braciños.

Se pillaron flores, danmas todas ; se colleron un escarabello, póñeno na miña man ; se non teñen nada, acaríñanme e fanme sentar de diante deles.

Entón danme bicos na meixela, pousan as súas cabeciñas enriba dos meus seos e suplícanme cos ollos. Eu ben sei o que quere dicir.

Quere dicir : « Bilitis, queridiña, como somos bos, cóntanos a historia do heroe Perseo ou a morte da pequena Hele »

19.- A AMIGA CASADA

As nosas nais estaban embarazadas ao mesmo tempo e este serán casou ela, Melisa, a miña amiga máis querida. Aínda están as rosas no vieiro e os fachos non acabaron de arder.

E eu regreso polo mesmo camiño, con mamá, e vou matinando. Daquela, igual que ela está hoxe, tamén podería estalo eu. Seica son unha moza tan grande ?

A comitiva, as flautas, o canto nupcial e o carro florido do esposo, todos estes festexos, outro serán hanse desenvolver de arredor de min, entre ramos de oliveira.

Como Melisa arestora mesmo, eu heime desvelar diante dun home, hei coñecer o amor na noite, e máis tarde unhas criaturiñas hanse alimentar nos meus seos opados...

20.- AS CONFIDENCIAS

No outro día fun á súa casa, e ruborizámonos des que nos miramos. Fíxome entrar no seu cuarto para que estivésemos soas de a feito.

Eu tiña moitas cousas que lle dicir, mais ao vela esquecéronme. Nin mesmo ousei botarme ao seu pescozo, miraba o seu cinto alto.

Estrañábame que nada tivese mudado no seu rostro, que semellase aínda a miña amiga e que, con todo, tivese ela aprendido dende a víspera tantas cousas que me amedrentaban.

De súpeto, senteime enriba dos seus xeonllos, collina nos meus brazos e faleille ao ouvido, vivaz e arelante. Entón, ela puxo a súa man contra da miña e contoume todo.

21.- A LÚA DE OLLOS AZUIS

Pola noite, as cabeleiras das mulleres e as pólas dos salgueiros confúndense. Eu camiñaba beira da auga. De golpe, sentín cantar : só entón recoñecin que había alá mociñas.

Díxenlles : « Que estades a cantar ? ». Elas responderon : « Os que regresan ». Unha agardaba polo seu pai e outra polo seu irmán, mais a que agardaba polo seu prometido era a máis impaciente.

Trenzaran para eles coroas e grinaldas, cortaran palmas das palmeiras e tiraran lotos da auga. Permanecían collidas polo pescozo e cantaban unha despois doutra.

Funme, ao longo do río, tristeira e soíña, mais ao mirar ao meu redor vin que, por tras das grandes árbores, a lúa de ollos azuis íame guiando na volta.

23.- CANCIÓN

« -Sombra do bosque ao que debía vir ela, dime : onde foi a miña namorada ?- Baixou para a chaira. -Chaira : onde foi a miña namorada ? -Seguiu a beira do río.

-Fermoso río que a viu pasar, dime : está perto de aquí ? - Abandonoume polo camiño. -Camiño : Vela aínda, ti ? - Deixoume pola estrada

-Estrada branca, estrada da vila, dime : onde a levaches ? Á rúa de ouro que entra en Sardes. -Ei, rúa de luz, estás a tocar os seus pés descalzos ? -Entrou no palacio do rei.

-Ei, palacio, esplendor da terra, vólvema a min! - Míraa, ten colares riba dos seos e guechos nos cabelos, cen perlas ao longo das pernas, dous brazos arredor do van.

24.- LICAS

Vide, habemos ir polos campos, baixo as gamallas dos xenebreiros, habemos catar o mel nos cortizos e habemos facer panterliños para saltóns con talos de abróteas.

Vide, habemos ir ver Licas, que garda os rebaños de seu pai polas abas do sombroso Tauro. Seguro que nos ha dar leite.

Estou a ouvir xa o son da súa flauta. Toca moi ben. Velaí os cans e os años, e el propio, a pé contra dunha árbore. Seica non é belido como Adonis ?

Ei, Licas, dános leite. Velaí tes figos das nosas figueiras. Imos estarnos contigo. Cabras barbudas, non choutedes, para non excitardes os castróns inquedos.

25.- A OFRENDA Á DEUSA

Non é para Artemisa, adorada en Perga, esta grinalda trenzada polas miñas mans, aínda que Artemisa sexa unha boa deusa que me ha gardar dos partos difíciles.

Non é para Atenea, adorada en Sidé, aínda que ela sexa de marfil e ouro e leve na man un pomo de granada que tenta os paxaros.

Non : é para Afrodita, adorada no meu peito, porque só ela me ha dar o que lle falta aos meus beizos, se penduro da árbore sagrada a miña grinalda de tenras rosas.

Mais non hei dicir en voz alta o que lle suplico que me conceda. Heime empolicar nos bicos dos pés e pola fenda da casca heille confiar o meu segredo.

26.- A AMIGA COMPRACENTE

A treboada durou a noite toda. Selenis, a dos fermosos cabelos, viñera fiar comigo. Quedou, por medo ao bulleiro e, apreixadas unha contra da outra, enchemos a miña camiña.

Cando as rapazas se deitan en parellas o sono queda na porta. « Bilitis, dime, dime quen amas ». Ela facía escorregar a súa perna por riba da miña para me acariñar garimosamente.

E dixo, diante da miña boca : « Sei quen amas, Bilitis. Pecha os ollos, eu son Licas ». Eu respondinlle tocándoa : « Seica non vexo que es unha rapaza ? Esta lería non ven a xeito ».

E mais ela seguiu : « De certo que son Licas se pechas as pálpebras. Velaí os seus brazos, velaí as súas mans... ». E tenramente, no silencio, enmeigou o meu ensoño cunha ilusión singular.

27.- PLEGARIA A PERSÉFONE

Purificadas polas ablucións rituais e vestidas con túnicas violetas, baixamos cara á terra as nosas mans cargadas de ramos de oliveira.

Oh, Perséfone soterraña, ou calquera que sexa o nome que ti desexes, se ese nome te apraz, escóitanos, Encabelada de tebras, Raíña estéril e sen sorriso !

Coclis, filla de Trasímacos, está enferma con moito perigo. Non a chames aínda. Sabes que non che pode escapar : un día, máis tarde, hala coller.

Mais non a leves tan axiña, Dominadora invisible ! Porque ela chora a súa virxindade, suplicache por medio das nosas plegarias, e habemos dar para salvala tres ovellas negras sen trosquiar.

28.- A PARTIDA DE CHUCAS

Como as dúas o amabamos, xogámolo ás chucas. E foi unha partida soada. Moitas mociñas asistían.

Ela fixo primeiro a xogada dos Cíclopes, e eu a de Solón. Mais ela fixo a de Calíbolos, e eu, sentíndome perdida, rezáballe á deusa !

Xoguei, e fixen a Epifenón, e ela a terrible xogada de Quíos, eu a Antiteucos, ela a Triquias, e eu a xogada de Afrodita que gañou o amante disputado.

Mais, ao vela empalidecer, collina polo pescozo e díxenlle rente da orella (para que só ela me ouvisse) : « Non chores, miña amiguiña, habémolo deixar escoller entre nós. »

29.- A ROCA

Miña nai pechoume para o día todo no xineceo, coas miñas irmás ás que eu non quero e que falan entre elas en voz baixa. Eu, nun recuncho, ando a fiar a miña roca.

Roca, pois que estou soa contigo, é a ti a quen lle vou falar. Coa perruca de la branca es coma unha vella. Escóitame.

Se puidese, non había estar aquí, sentada á sombra da parede e fiando anoxada : estaría deitada sobre das violetas nas abas do Tauro.

Como el é máis pobre ca min, miña nai non quere que case comigo. E mais xa cho digo : ou non hei ver o día do casamento, ou ha ser el quen me faga traspasar o limiar.

30.- A FLAUTA

Polo día das Xacintias¹⁰, deume unha sirinxe¹¹ feita de canas ben talladas, unidas coa branca cera que para os meus beizos é doce coma o mel.

El apréndeme a tocar, sentada nos seus xeonllos, mais eu tremelo un pouquiño. Tócaa despois de min, tan suavemente que apenas a dou ouvido.

Non temos nada que nos dicir, tan achegadiños estamos un do outro, mais as nosas cancións quérense responder, e, cando a súa cando a miña, as nosas bocas únense sobre da flauta.

É tarde, velaquí o canto das rans verdes que comeza coa noite. Miña nai non ha crer endexamais que botei tanto tempo a buscar o meu cinto perdido.

31.- A CABELEIRA

Díxome el : « Esta noite soñei. Tiña a túa cabeleira de arredor do meu pescozo. Tiña os teus cabelos coma un colar negro de arredor da miña caluga e sobre do meu peito.

Eu acariñábaos, e eran os meus ; e estabamos ligados así para sempre, pola mesma cabeleira, boca sobre boca, do mesmo xeito que dous loureiros non teñen moitas veces senón unha raíz.

E pouco a pouco semelloume -tan confundidos estaban os nosos membros- que eu convertíame en ti ou que ti entrabas en min coma o meu soño. »

Ao que el acabou, pousou garimosamente as súas mans riba dos meus ombreiros e miroume cunha ollada tan tenra que eu baixei a vista cun arreguizo.

¹⁰ Festas en honor de Xacinto.

¹¹ Flauta de canas tamén chamada “flauta de Pan”.

32. - A COPA

Licas viume chegar, vestida só cun sucinto exomis¹² pois as xornadas son abafantes, e quixo moldear o meu seo, que quedaba ao descuberto.

Colleu arxila fina, amasada en auga fresca e lixeira. Cando a apreixou sobre da miña pel, coidei esmorecer, tan fría estaba aquela terra.

Do meu seo moldeado fixo unha copa, redonda e umbilicada. Púxo a secar ao sol e pintouna de púrpura e de ocre esmagando flores todo de arredor.

Logo fumos cabo da fontela que está consagrada ás ninfas e botamos a copa na corrente, con talos de alelís.

33.-ROSAS NA NOITE

Des que a noite sube ao ceo o mundo é noso, e dos deuses. Imos dos campos ao nacedoiro, dos escuros bosques aos calveiros, onde nos levan os nosos pés descalzos.

As estreliñas brillan de abondo para as sombrías que nós somos. Por veces, so as pólas baixas, atopamos cervas adurmiñadas.

Con todo, máis enmeigador na noite que calquera outra cousa, existe un lugar que unicamente nós coñecemos e que nos atrae ao través da fraga : unha roseira de flores misteriosas.

Porque nada divino hai na terra que iguale o recendo das rosas na noite. Como é que no tempo no que eu estaba soa non me sentía embriagada por el ?

¹² Túnica corta e sinxela usada en Grecia polo pobo.

34.- OS REMORSOS

De primeiras non respondín, e tiña a vergoña nas meixelas e os latexos do meu corazón mancaban os meus seos.

Despois resistín, dixeron : « Non. Non ». Virei a testa cara a atrás e o bico non franqueou os meus beizos, nin o amor os meus xeonllos apertados.

Entón pedíume perdón e bicoume os cabelos, sentín o seu alento ardente, e foise... Agora estou soa.

Miro o lugar baleiro, o bosque deserto, a terra tripada. E mordo os meus puños ata o sangue e afogo os meus gritos na herba.

35.- O SONO INTERROMPIDO

Adurmiñárame soíña de a feito, coma unha perdiz na bouza. O vento lixeiro, o borboriño das augas e a dozura da noite retivéranme alá.

Adurmiñeime, imprudente, e acordei berrando, e loitei, e chorei, mais xa era moi tarde. E que poden os brazos dunha nena ?

El non me abandonou. Pola contra, apertoume máis garimosamente contra súa nos seus brazos, e eu xa non vin no mundo nin a terra nin as árbores senón só a luzada dos seus ollos...

A ti, Cipria vitoriosa, consagro estas ofrendas aínda molladas de orballo, vestixios das dores da virxe, testemuño do meu sono e da miña resistencia.

36.- ÁS LAVANDEIRAS

Lavandeiras, non digades que me vistes ! Confío en vós, non o repitades ! Entre a miña túnica e os meus seos, tráiovos algo.

Son coma unha pitiña arrepuñada... Non sei se me vou atrever a volo dicir... O meu corazón latexa como se estivese morrendo... É un veo o que vos traio.

Un veo e as fitas das miñas pernas. Vedes, hai sangue. Por Apolo, foi malia min ! Defendínme ben, pero o home que ama é máis forte do ca nós.

Lavádeos ben, non aforredes sal nin area. Eu hei pór catro óbolos¹³ para vós aos pés de Afrodita, e mesmo un dracma de prata.

37.- CANCIÓN

Cando el volveu, ocultei a cara coas mans. Díxome : « -Non teñas medo ningún. Quen viu o noso bico ? -Quen nos viu ? A noite e a lúa,

E as estrelas e o abrente. A lúa mirouse no lago e díxollo á auga baixo os salgueiros. A auga do lago díxollo ao remo.

E o remo díxollo á barca e a barca díxollo ao pescador. Coitadiña ! Coitadiña ! Se iso fose todo ! Mais o pescador díxollo a unha muller.

O pescador díxollo a unha muller : meu pai e miña nai e mais miñas irmás, e a Hélade toda hao saber. »

¹³ O dracma valía seis óbolos.

38.- BILITIS

Unha muller envólvese en la branca. Outra véstese de seda e de ouro. Outra cóbrese de flores, de follas verdes e de bagos.

Eu non sabería vivir senón espida. Meu namorado, tómame como son : sen vestido nin xoias nin sandalias, velaí Bilitis soa de a feito.

Os meus cabelos son negros da súa negrura e os meus beizos roibos da súa roibén. As miñas crechas revoan de arredor de min, libres e arredondadas como plumas.

Tómame tal como a miña nai me fixo nunha noite de amor afastada, e se che gusto así, non esquezas de mo dicir.

39.- A CASIÑA

A casiña na que está o seu leito é a máis fermosa da terra. Está feita con ramallada de arbores, catro paredes de terra seca e unha cabeleira de colmo.

A min gústame, porque nos deitamos nela dende que as noites son frescas, e canto máis frescas son as noites máis longas son tamén. Ao raiar o día síntome finalmente extenuada.

O colchón está no chan, dous cobertores de la negra pechan os nosos corpos que quecen. O seu peito aprémeme os seos. O meu corazón latexa...

Estréitame tan forte que me vai romper, pobre rapaciña que eu son, mais des que está en min xa non sei cousa ningunha no mundo, e daríanme cortado os catro membros sen me despertaren da miña ledicia.

41.- A CARTA PERDIDA

Coitada de min ! Perdín a súa carta. Puxéraa entre a miña pel e o meu estrofion¹⁴, baixo a calor do meu seo. Corrín, debeu caír.

Vou volver sobre os meus pasos : se alguén a atopara, diríanllo á miña nai e habíanme xostregar diante das miñas irmás bulreiras.

Se é un home quen a atopou, hama volver ; ou mesmo, se quere falarme en segredo, sei o xeito de lla ripar

Se é unha muller quen a leu, oh Zeus Gardián, protéxeme ! Porque llo ha dicir a todo o mundo, ou hame pillar o meu namorado.

42.- CANCIÓN

« -A noite é tan profunda que entra nos meus ollos. -Non has ver o camiño. Haste perder na fraga.

-O ruído das fervenzas enche as miñas orellas. -Non habías ouvir a voz do teu namorado mesmo se estivese a vinte pasos.

-O cheiro das flores é tan forte que esmorezo e vou caír. -Non o habías sentir se cruzase o teu pasar.

-Ah ! Está ben lonxe de aquí, do outro lado do monte, mais véxoo e óuvoo e síntoo como se me tocasse. »

¹⁴ Banda de tecido que sostiña os seos.

43.- O XURAMENTO

« Cando a auga dos ríos remonte ata os cumes cubertos de neve,
cando se semente o orxo e o trigo nos regos moventes do mar,

Cando os piñeiros nazan dos lagos e os nenúfares dos penedos,
cando o sol se volva negro e cando a lúa caia enriba da herba,

Daquela, mais só daquela, hei tomar outra muller e heite
esquecer a ti, Bilitis, alma da miña vida, corazón do meu corazón. »

Díxomo ! Díxomo ! Que me importa o resto do mundo ! Onde
estás ti, felicidade insensata que te comparas coa miña felicidade !

44.- A NOITE

Agora son eu quen o busca. Cada noite, moi amodiño, deixo a
casa e vou por un longo vieiro ata o seu prado mirar como dorme.

Ás veces estoume moito tempo sen falar, feliz por velo somente,
e achego os meus beizos aos seus para non bicar máis ca o seu alento.

Logo, de súpeto, déitome enriba del. Acorda nos meus brazos e
xa non se pode erguer, porque eu loito ! Renuncia e ri, e abrázame. Así
xogamos na noite.

....Alborecer, claridade ruín, xa estás aquí ! En que cova sempre
nocturna, en que prado soterraño poderemos nós amarnos tanto
tempo, que perdamos a túa lembranza...?

45.- ARROLO

Durme : pedín a Sardes os teus xoguetes, e a túa roupiña a Babilonia. Durme, es filla de Bilitis e dun rei do sol nacente.

Os bosques son os palacios construídos só para ti e que che eu dei. Os troncos dos piñeiros son as columnas, as altas pólas son as bóvedas.

Durme. Para que non te desperte, venderíalle o sol ao mar. O vento das ás da pomba é menos lixeiro ca o teu alento.

Filla miña, carne da miña carne, has dicir, cando abras os ollos, se queres a chaira ou a cidade, ou a montaña ou a lúa, ou a comitiva branca dos deuses.

46.- O TÚMULO DAS NÁIADES

Ao longo do bosque cuberto de xeadas, eu camiñaba ; os meus cabelos diante da miña boca florecían de carambeliños pequenos, e as miñas sandalias estaban carregadas de neve lamacenta e mesta.

El díxome : « Que andas a buscar ? –Vou seguindo a pegada do sátiro. Os pasiños dos seus pezuños alternanse como buracos nun manto branco». El díxome : « Os sátiros morreron.

Os sátiros e mais as ninfas. Dende hai trinta anos non fixo un inverno tan terrible. A pegada que ti ves é a dun castrón. Mais permanezamos aquí, onde está o túmulo delas. »

E co ferro da súa aixada partiu o lazo do nacedoiro onde algún día rían as náíades. Collía grandes anacos fríos e, soerguéndoos cara ao ceo pálido, miraba ao traveso deles.

II

ELEXÍAS EN MITILENE

Εὐμορφοτέρα Μνασιδία τᾷς ἀπαλᾷς Γυριννῶς¹⁵.

SAFO

¹⁵ " Mnasidica ten un corpo máis xeitoso que a fráxil Xirino".

47.- NA EMBARCACIÓN

Belido navío que aquí me trouxeches, ao longo das costas da Xonia, abandónote ás vagas brillantes, e con pé lixeiro salto para a area.

Ti vas regresar ao país no que a virxe é amiga das ninfas. Non che esqueza agradeceres as conselleiras invisibles, e lévalles en ofrenda este ramo collido polas miñas mans.

Ti fuches piñeiro, e sobre dos montes o vasto noto inflamado abaneaba as túas pólas espiñentas, os teus esquíos e os teus paxaros.

Que agora te guíe o bóreas e te apuxe mainamente cara ao porto, negra nao escoltada por golfiños a pracer do mar benevolente.

48.- PSAFA¹⁶

Frego os ollos... Xa é día, penso. Ah! Quen está rentes de min? ... Unha muller? Pola Pafia¹⁷, esquecérame...! Oh, Cárites, que vergoña teño!

A que país viñen? Cal é esta illa onde se entende así o amor? Se non estivese así extenuada habería crer nalgún soño... É posible que ela sexa a Psafa?

Está a durmir... De certo que é fermosa, aínda que os seus cabelos estean cortados coma os dun atleta. Mais ese estraño rostro, ese peito viril e esas cadeiras estreitas...

Quérome ir antes de que ela non acorde. Coitada, estou da beira da parede! Terei que alancar por riba. Teño medo de lle rozar a cadeira e de que non me colla de novo ao pasar.

¹⁶ Forma do nome de Safo no dialecto eolio, o que se falaba en Lesbos.

¹⁷ Afrodita de Pafios, pois nese lugar da illa de Chipre tiña ela un templo.

49.- A DANZA DE GLOTIS E DE QUISÉ

Dúas meniñas leváronme á súa casa, e, des que a porta se fechou, prendéronlle lume á mecha da lámpada e quixeron bailar para min.

As súas meixelas non levaban cór, tan morenas coma as súas barriguiñas. Turrábanse polos brazos e falaban ao mesmo tempo, nunha agonía de alegría.

Sentadas no seu colchón, que pousaba nun estrado enriba de dous altos cabaletes, Glotis cantaba con voz aguda e batía ritmicamente as súas sonoras manciñas.

Quisé bailaba a sacudidelas, logo detíñase, afogando coa risa, e, collendo a súa irmá polos seos, mordichábaa no ombreiro e andaba con ela a borcallóns, coma unha cabra que quere xogar.

50.- OS CONSELLOS

Entón entrou Silicmas e, ao nos ver tan familiares, sentouse no banco. Puxo a Glotis enriba dun xeonllo e a Quisé enriba do outro e dixo:

“Ven aquí, pequena”. Mais eu permanecía lonxe. E seguiu: “Tes medo de nós? Achégate: estas rapazas quérente. Hanche aprender o que ignoras: o mel das caricias da muller.

O home é violento e preguiceiro. Sen dúbida ti o coñeces. Ódiao. Ten o peito plano, a pel ríspida, os cabelos rasos e os brazos peludos. Mais as mulleres son todas fermosas.

Só as mulleres saben amar; estate connosco, Bilitis, estáte. E se tes unha alma ardente, has ver a túa beleza como nun espello sobre do corpo das túas namoradas.”

51.- A INCERTEZA

Entre Glotis e Quisé non sei con cal hei casar. Como non se asemellan, unha non me había consolar da outra e teño medo de escoller mal.

Cada unha delas ten unha das miñas mans e tamén un dos meus peitos. Mais a quen lle hei dar a miña boca? A quen lle hei dar o meu corazón e todo o que non se pode partillar?

É vergoña permanecermos así todas tres na mesma casa. Fálase diso en Mitilene. Onte, diante do templo de Ares, unha muller non me saudou.

É Glotis a que eu prefiro, mais non podo repudiar a Quisé. Que sería dela soíña de a feito? Será ben que as deixe xuntas como estaban e colla outra amiga?

52.- O ENCONTRO

Atopeina coma un tesouro, nun campo, baixo unha mirteira, envolveita da gorxa aos pés nun peplo amarelo bordado de azul.

“Non teño amiga –díxome- porque a cidade máis próxima está a corenta estadios de aquí. Vivo soa coa miña nai que é viúva e está sempre tristenta. Se ti queres, eu heite seguir.

Heite seguir á túa casa, mesmo que fose do outro lado da illa, e hei vivir onda ti ata que me botes. A túa man é dondiña e os teus ollos son azuis.

Vamos. Non levo nada comigo, non sendo a pequena Astarté núa pendurada do meu collar. Habémola pór cabo da túa e habémoslles dar rosas en recompensa de cada noite”.

53.-A PEQUENA ASTARTÉ DE BARRO COCIDO

A pequena Astarté gardiá que protexe a Mnasidica foi modelada en Camiros por un oleiro moi habilidoso. É de grande coma o pulgar, e de barro fino e amarelo.

Os seus cabelos caen e se arredondan riba dos seus ombreiros estreitos. Os seus ollos son moi arregalados e a súa boca pequerrecha. Porque ela é *A Fermosísima*.

Coa man dereita sinala a súa divindade, que está cribada de buraquiños no baixo-ventre e ao longo das ínguas. Porque é *A Amorosísima*.

Co brazo esquerdo sostén os seus peitos pesados e redondos. Entre as súas cadeiras abertas opa un ventre fecundado. Porque é *A Nai de todas as cousas*.

54.- O DESEXO

Entrou, e afervoadamente, cos ollos medio pechados, uniu os seus beizos aos meus e as nosas linguas coñecéronse. Endexamais houbo na miña vida un bico coma ese.

Ela estaba a pé contra min, toda en amor e consentidora. Un dos meus xeonllos, pouco a pouco, subía entre as suas coxas quentes que cedían como para un namorado.

A miña man, gabeando pola súa túnica, tentaba adiviñar o corpo furtado que ora pregábase ondulante, ora tensábase requichado con arreguizos da pel.

Cos seus ollos delirantes sinalaba o leito, mais non tiñamos dereito a amar antes da cerimonia do casamento, e arredámonos bruscamente.

55.- O CASAMENTO

Á mañá fixemos o xantar do casamento na casa de Acalantis, que ela adoptara como nai. Mnasidica vestía o veo branco e eu a túnica viril.

E de seguido, no medio de vinte mulleres, puxo a súa roupa de gala. Perfumada con baccaris¹⁸, empoada con pó de ouro, a súa pel friaxeira e bulinte atraía mans furtivas.

No seu cuarto ateigado de follaxe, agardoume como a un esposo. E eu leveina a un carro entre min e o ninfagogo¹⁹. Un dos seus seños ardía na miña man

Cantouse o canto nupcial; as flautas tamén cantaron. Collín a Mnasidica por baixo dos ombreiros e dos xeonllos e traspasamos o limiar cuberto de rosas.

57.- O PASADO QUE SOBREVIVE

Hei deixar o leito coma ela o deixou, desfeito e rompido, coas sabas revoltas, a fin de que a forma do seu corpo fique impresa rente do meu.

Ata mañá non me hei bañar, non me hei vestir nin peitear os meus cabelos, por medo a borrar as caricias.

Hoxe non hei comer no día todo, e nos meus beizos non hei pór carmín nin pó para que o seu bico permaneza.

Hei deixar as contras pechadas e non hei abrir a porta por medo de que a lembranza contida non se vaia co vento.

¹⁸ Ungüento perfumado extraído da planta do mesmo nome.

¹⁹ Mozo encargado de levar a noiva dende a casa dos seus pais á do esposo.

58.- A METAMORFOSE

Algún día estiven namorada da beleza dos mozos, e a lembranza das súas falas tivome desperta, algún día.

Lémbrome de ter gravado un nome no tronco dun plátano. Lémbrome de ter deixado un anaco da miña túnica nun camiño polo que pasaba alguén.

Lémbrome de ter amado... Oh, Paniquis, miña filliña: en que mans te deixei? Como, oh, miña pobre, te abandonei?

Hoxe só Mnasidica, e para sempre, me posúe. Que ela reciba en sacrificio a felicidade dos que eu esquecín por ela.

59.- O TÚMULO SEN NOME

Despois de me coller pola man, Mnasidica levoume fóra das portas da cidade, ata un campioño ermo no que había unha estela de mármore. E díxome: “Esta foi a amiga de miña nai”.

Entón sentín un abalo, e sen cesar de lle dar a man, debruceime contra o seu ombreiro, a fin de ler os catro versos entre a copa acuncada e a serpe:

“Non foi a morte quen me levou senón as ninfas das fontelas. Eu descanso aquí baixo unha terra leve coa cabeleira cortada de Xanto. Que só ela me chore. Non digo o meu nome.”

Ficamos moito tempo a pé e non vertemos a libación. Porque: como chamar unha alma descoñecida de entre as multitudes do Hades?

60.- AS TRES BELEZAS DE MNASIDICA

Para que Mnasidica sexa protexida polos deuses, sacrifiqueille á *Afrodita que ama os sorrisos* dous machos de lebre e dúas pombas.

E sacrifiqueille a Ares dous galos armados para a loita, e á sinistra Hécate dous cans que oulaban baixo o coitelo.

E non foi sen motivo a miña imploración a eses tres Inmortais, porque Mnasidica leva na súa face o reflexo desta triple divindade:

Os seus beizos son roxos coma o cobre, os seus cabelos azulados coma o ferro, e os seus ollos negros coma a prata²⁰.

61.- A COVA DAS NINFAS

Os teus pés son máis delicados ca os da Tetis arxénte. Entre os teus brazos cruzados ti reúnes os teus seos e arrólalos devagariño como dous belidos corpos de pombas.

Baixo os teus cabelos disimulas os teus ollos mollados, a túa boca tremelante e as flores roibas das túas orellas, mais non haberá nada que deteña o meu ollar nin o sopro quente do bico.

Porque no segredo do teu corpo, es ti, Mnasidica amada, quen acochas a cova das ninfas da que fala o vello Homero, o lugar onde as náíades tecen lenzos de púrpura.

O lugar no que abrollan, pinga a pinga, nacedoiros que endexamáis han estiñar, e do que a porta do Norte deixa descender os homes e a porta do Sur deixa entrar os Inmortais.

²⁰ As técnicas de fabricación dos metais na Antigüidade facían que presentasen diferente aspecto e cor que na actualidade.

62.- OS SEOS DE MNASIDICA

Coidadosamente, abriu cunha man a súa túnica e tendeu os seus seos mornos e dondos, igual que se lle ofrece á deusa un par de rolas vivas.

“Quérelles ben –díxome- Eu quérolles tanto! Son meus queridiños, miñas criaturiñas. Ocúpome deles cando estou soa. Xogo con eles, doulles gusto.

Lávoos con leite. Esparexo flores neles. Os meus cabelos finos que os enxoitan son benqueridos polos seus bicarelos. Eu acaríñoos cun arreguizo. E déitoos entre la.

Pois que non hei ter fillos, serás ti o seu naipelo, meu amoriño. E, pois que están tan lonxe da miña boca, dálles bicos da miña parte.”

64.- A BONECA

Deille unha boneca, unha boneca de cera con meixelas rosadas. Os seus brazos están unidos por unhas cavilliñas e as súas pernas tamén se dobran.

Cando estamos xuntas, déitaa entre nós e é a nosa filla. Polo serán arrólaa e dálle o peito antes de a adormecer.

Teceulle tres túnicas pequenas, e dámoslle xoias o día das Afrodisias²¹, xoias e mais flores.

Coida da súa virtude, e non a deixa saír sen ela; maiormente, non ao sol, porque a bonequiña fundiríase en pingas de cera.

²¹ Festas en honor de Afrodita.

65.- ALOUMIÑOS

Pecha suavemente os teus brazos, coma un cinto, de arredor de min. E toca, toca a miña pel así! Nin a auga nin a airexiña do mediodía son máis doces que a túa man.

Hoxe agarímame, irmanciña, é a túa vez. Lémbtrate dos aloumiños que che aprendín a noite pasada, e, cabo de min, que estou extenuada, axeónllate sen falar.

Os teus beizos baixan dos meus beizos. Todos os teus cabelos esguedellados séguenos, coma a caricia segue o bico. Esvaran polo meu seo esquerdo, agáchanme os teus ollos.

Dáme a túa man, está quente! Apreixa a miña, non a soltes. As mans únense mellor do que as bocas, e o seu afervamento non ten igual.

66.- XOGOS

Máis que a súa boneca ou a súa pelota, eu son para ela un xoguete. Con todas as partes do meu corpo se divirte coma unha nena, durante longas horas, sen falar.

Desfai a miña cabeleira e recompona ao seu capricho, quer atada baixo o queixelo coma un pano groso, quer retorcida nun chicho ou trenzada ata o final.

Mira con estrañeza a cor das miñas pestanas, o pregue do meu cóbado. Ás veces faime axeonllar e pousar as mans enriba das sabas.

Daquela (e ese é un dos seus xogos) deixa esvarar a súa cabeciña por baixo e remeda o cabirto tremelante que aleita no ventre da súa nai

68.- PENUMBRA

Baixo a saba de la transparente escorregamos, ela e mais eu. Mesmo as nosas testas estaban acoradas, e a lámpada alumeaba o tecido por riba nosa.

Así eu vía o seu corpo querido nunha misteriosa luz. Estabamos máis perto unha da outra, máis libres, máis íntimas, máis núas. “Na mesma camisa”, dicía ela.

Permaneceramos peiteadas para estarmos aínda máis descubertas, e no aire estreito da cama, dous olores de muller subían, das dúas cazoletas naturais.

Nada no mundo, nin mesmo a lámpada, nos viu aquela noite. Cal de nós as dúas foi amada, só ela e eu poderíamolo dicir. Mais os homes non han saber nada.

69.- A DURMINTE

Está a durmir nos seus cabelos esguedellados, coas mans entrelazadas baixo a caluga. Soña ? A súa boca está aberta, respira manseliñamente.

Cunhas plumiñas de cisne branco, enxoito eu, mais sen a acordar, a suor dos seus brazos, a febre das súas meixelas. As súas pálpebras pechadas son dúas flores azuis.

Moi devagariño voume erguer, irei tirar a auga, munxir a vaca e pedirilles lume aos veciños. Quero estar rizada e vestida cando ela abra os ollos.

Sono, estáte aínda moito tempo entre as súas pestanas recurvadas e prolonga a noite feliz cun soño de bo augurio.

70.- O BICO

Bicarei dun cabo ao outro as longas ás da túa caluga, oh, doce paxaro, pomba capturada de corazón que chouta baixo a miña man.

Tomarei a túa boca na miña boca coma un meniño toma o seo da súa nai. Tremela!... Porque o bico penetra profundamente e abondaríalle ao amor.

Pasarei a miña lingua lixeira polos teus brazos e de arredor do teu pescozo, e farei rolar polas túas costelas coxigosas a caricia estiradora das unllas.

Escoita soar na túa orella todo o rumor do mar... Mnasidica, o teu ollar máncame! Vou encerrar no meu bico as túas pálpebras velaíñas e ardentes.

71.- OS COIDADOS CIUMENTOS

Non arranxes os teus cabelos, para evitares que o ferro quente de máis os queime ou queime a túa caluga. Déixaos pousar riba dos teus ombreiros ou espallárense ao longo dos teus brazos.

Non te vistas, para evitares que un cinto avermelle os pregues en fío da túa cadeira. Estáte espida coma unha cativiña.

Non te ergas, mesmo, para evitares que os teus pés fráxiles sintan dor ao camiñar. Repousa no leito, vítima de Eros, e eu hei curar a túa pobre ferida.

Porque non quero ver sobre do teu corpo outras marcas, Mnasidica, senón a pegada dun bico longo de máis, a rabuñadura dunha unlla afiada ou o risco púrpura da miña aperta.

72.- A APERTA RELOUCANTE

Ámame, non con sorrisos, flautas ou flores trenzadas, senón co teu corazón e as túas bágoas, coma eu te amo co meu peito e cos meus laios.

Cando os teus seos se alternan cos meus seos, cando eu sinto a túa vida contra a miña vida, cando os teus xeonllos se erguen detrás de min, entón a miña boca, ampeando, non sabe mesmo xa atopar a túa.

Apértame como eu te aperto! Mira, a lámpada acaba de morrer, estamos a rolar na noite, mais eu apreixo o teu corpo rebulinte e escoito a túa perpetua queixa...

Laia! Laia! Laia! Oh, muller! Eros arrástranos na dor. Habías sufrir menos enriba deste leito para traeres ao mundo un fillo que para dares á luz o teu amor.

74.- O CORAZÓN

Ampeando, collinlle a man e coloqueina con forza baixo a pel lentrementa do meu seo esquerdo. E eu viraba a cabeza para acá e para alá e movía os beizos sen falar.

O meu corazón, reloucante, brusco e duro, batía e batía contra o meu peito, como petaría, aprisionado, un sátiro dobrado nun odre. Ela díxome: “O teu corazón máncate...”

“Oh, Mnasidica –respondinlle- o corazón das mulleres non está aí. Ese é un pobre paxariño, unha pomba que remove as súas febles ás. O corazón das mulleres é máis temible.

Igual a unha baguiña de mirto, arde na chama roxa e baixo unha escuma abundante. É aí onde me sinto trabada pola voraz Afrodita.”

75.- FALAS NA NOITE

Estamos a descansar, cos ollos pechados; o silencio é grande de arredor da nosa cama. Noites inefables do vran! Mais ela, que pensa que estou adormentada, pousa a súa man quente sobre do meu brazo.

Murmura: “Bilitis, dormes?” O meu corazón latexa, mais sen responder respiro regularmente coma unha muller deitada nos soños. Daquela, comeza ela a falar:

“Pois que non me sintes –di- Ah, como te amo!”. E repite o meu nome: “Bilitis... Bilitis...”. E rózame coa punta dos seus dedos tremelicantes:

“É miña, esta boca! Miña só! Hai outra máis fermosa no mundo? Ah, felicidade, miña felicidade! Son meus estes brazos espidos, esta caluga e estes cabelos...”.

76.- A AUSENCIA

Saiu. Vai lonxe, mais eu véxoa, porque todo esta ateigado dela neste cuarto, todo lle pertence, e eu igual que o resto.

Ese leito aínda morno no que deixo vagar a miña boca está esmagado coa medida do seu corpo. Nesa almofada mol durmiu a súa cabeciña envolveita en cabelos.

Esa pía é onde ela se lavou, ese peite penetrou os nós da súa cabeleira enguedellada. Esas pantufas acolleron os seus pés descalzos. Esas bolsas de gasa contiveron os sus seos.

Mais o que non ousou tocar co dedo é ese espello no que ela viu as súas magoaduras todas quentes, e no que se cadra aínda subsiste o reflexo dos seus beizos mollados.

77.- O AMOR

Malpocada de min! Se penso nela a gorxa sécame, a testa caime de novo, os seos endurecénsese e máncanme, arrepuíñome e choro ao camiñar.

Se a vexo, o meu corazón detense, as miñas mans tremelican, os meus pés conxélanse, un roibén de lume sóbeme ás meixelas e as miñas tempas baten dorosamente.

Se a toco, vólvome tola, entálanseme os brazos e fállanme os xeonllos. Caio diante dela e déitome coma unha muller que vai finar.

Por todo o que me di síntome ferida. O seu amor é unha tortura e os camiñantes ouven os meus queixumes... Malpocada de min! Como é que lle podo chamar Benquerida?

78.- A PURIFICACIÓN

Velaí estás! Desfai os teus tirelos, e os teus prendedoiros e a túa túnica. Tira ata as túas sandalias, ata as fitas das túas pernas, ata a venda do teu peito!

Lava o negror das túas cellas e o carmín dos teus beizos. Borra o brancor dos teus ombreiros e desriza os teus cabelos na auga.

Porque quero terte toda pura, tal como naceches sobre do leite, aos pés da túa nai fecunda e diante do teu pai glorioso.

Tan casta que a miña man na túa man hate facer avermellar ata a boca, e que unha palabra miña baixo a túa orella ha facer reloucar os teus ollos remuiñantes.

79.- O ARROLO DE MNASIDICA

Miña meniña, por poucos anos que eu teña en máis ca ti, quéroste, non como a unha amante senón como se tiveses saído das miñas entrañas laboriosas.

Cando, tendida riba dos meus xeonllos, cos teus dous brazos velaíños de arredor de min, buscas coa boca tendida o meu seo e zugas amodiño no petón entre os teus beizos palpitantes,

Daquela eu soño que algún día aleitei de certo esta boca molecha, bulidora e bañada, esta ánfora mírrea da cór da púrpura onde está misteriosamente encerrada a felicidade de Bilitis.

Dorme. Heite arrolar cunha man no meu xeonllo que se ergue e se baixa. Dorme así. Hei cantar para ti as canciónciñas queixosas que adurmiñan os recién nacidos.

80.- PASEO POLA BEIRA DO MAR

Cando camiñabamos pola praia, sen falarmos e envolveitas ata o queixelo nos nosos mantos de la escura, pasaron por nós unhas ledas raparigas.

“Ah, son Bilitis e mais Mnasidica! Mirade o bonito esquíño que collemos: é dondo coma un paxaro e temesiño coma un coello.

Ímolo meter nunha gaiola, na casa de Lidé, e ímoslle dar moito leite con follas de ensalada. É unha femia, ha vivir moito tempo.”

E as toliñas marcharon correndo. O que é de nós, sen falarmos, sentámonos, eu nunha pena e ela na area, e miramos o mar.

81.- O OBXECTO

“-Saudiña, Bilitis! Mnasadica, saudíña! -Senta. Como vai o teu marido? -Do melloriño. Non lle digades que me vistes. Mataríame se soubese que estou aquí. -Non teñas medo.

-É ese o voso cuarto? É ese o voso leito? Perdón. Son curiosa. - E mais coñeces o leito de Mirrina. -Ben pouco. -Din que é bonita. -E lasciva, amiguiña! Mais, calemos.

-Que me querías? -Que me prestes...? -Fala -Non me atrevo a dicir o nome dese obxecto. -Non temos. -De certo? -Mnasidica é virxe. -Entón, a quen mercarillo? -A Dracón, o zapateiro.

-Dime tamén: quen che vende o fío de bordar? O meu rompe des que o miran. -Fágoo eu mesma, pero Naís vende un excelente. -A canto? -Tres óbolos. -É caro. E o obxecto? -Dous dracmas. -Adeus.”

82.- SERÁN A CARÓN DO LUME

O inverno é duro, Mnasidica. Todo está frío, non sendo o noso leito. Con todo, érguete e ven comigo, pois prendín un gran lume con cachopas mortas e leña cortada.

Quenceremos encrequenadas, espidas de a feito, cos nosos cabelos riba do lombo, e beberemos leite na mesma copa e comeremos doces de mel.

Que sonora e alegre é a chama! Non estás perto de máis? A túa pel ponse vermella. Déixame bicala por todas as partes nas que o lume a volveu queimante.

No medio dos tizóns ardentes vou quentar o ferro e peitearte aquí. E cos carbóns apagados hei escribir o teu nome na parede.

83.- ROGOS

Que queres? Dío. Se é preciso, hei vender as miñas derradeiras xoias para que unha escrava atenta esculque o desexo dos teus ollos, a sede máis pequena dos teus beizos.

Se o leite das nosas cabras che semella insulso, hei alugar para ti, como para un neno, unha ama de peitos opados que cada mañá te ha aleitar.

Se o noso leito che semella rudo, hei mercar todos os coxíns moles, todos os cobertores de seda, todas as sabas forradas de plumas das mercadoras amatusiás²².

Todo. Mais cómpre que eu che sexa de abondo, e se durmimos no chan, cómpre que o chan che sexa máis dondo que o leito quente dunha estraña.

84.- OS OLLOS

Ollos largacíos de Mnasidica, que feliz me poñedes cando o amor anegra as vosas pálpebras e vos arricha e afoga baixo as bágoas!

Mais... que tola, cando vos virades cara a outro lado, distraídos por unha muller que pasa ou por unha lembranza que non é a miña!

Entón as miñas meixelas afúndense, as miñas mans tremelican e sufro... Seméllame que de todas as partes e diante vosa, a miña vida vaise.

Ollos largacíos de Mnasidica, non deixedes de me fitar ou heivos furar coa miña agulla e xa non habedes ver senón a noite terrible!

²² De Amatonte.

85.- OS ENFEITES

Todo, a miña vida, e mais o mundo, e mais os homes, todo o que non é ela non é nada. Todo o que non é ela, doucho a ti, camiñante.

Seica sabe que de traballos eu paso para estar fermosa aos seus ollos, co meu peiteado e cos meus enfeites, cos meus vestidos e os meus perfumes?

Ese mesmo tempo había eu virar a moa, mergullar o remo ou sachar a terra, se fose preciso retela aquí a ese prezo.

Mais facede que ela non o saiba endexamáis, Deusas que velades por nós! O día en que saiba que a amo ha buscar outra muller.

86.- O SILENCIO DE MNASIDICA

Ela rira o día todo, e mesmo bulrárase un pouco de min. Negárase a obedecerme, diante de varias mulleres estrañas.

Cando regresamos, aparentei non lle falar, e cando se botaba ao meu pescozo dicíndome: “Estás enfadada?”, díxenlle:

“Ah, xa non es coma antes, non es coma o primeiro día! Non te recoñezo, Mnasidica!”. Ela non me respondeu nada,

Mais puxo todas as súas xoias que había tempo non puña, e o mesmo vestido amarelo bordado de azul do día do noso encontro.

87.- CIÚMES

“-Onde estabas? -Coa vendedora de flores. Merquei uns iris moi fermosos. Velaquí están, tráioos para ti. -Tanto tempo para mercares catro flores? -Entretívome a vendedora.

-Tes as meixelas pálidas e os ollos brillosos. -É a canseira do camiño. -Os teus cabelos están mollados e enguedellados. -Foi a calor e máis o vento que me descompuxeron o pelo todo.

-Desatáronche o cinto. Eu mesma fixera o nó, máis solto ca este. -Tan solto que se desfixo, un escravo que pasaba atoumo de novo

-Hai unha pegada no teu vestido. -É a auga das flores que lle caíu. -Mnasidica, miña almiña, os teus iris son os máis fermosos que hai en toda Mitilene. -Ben o sei, ben o sei

88.- ESPERA

O sol pasou a noite toda entre os mortos dende que eu estou á espera, sentada enriba do meu leito, fatigada de velar. A mecha da lámpada esgotada ardeu ata o final.

Xa non ha regresar: velaí a derradeira estrela. Ben sei que xa non ha volver. Sei mesmo o nome que odio. E mais sigo a agardar.

Que veña agora! Si, que veña, coa cabeleira espenuxada e sen rosas, o vestido emporcallado, lixado, enrugado, a lingua seca e as pálpebras negras!

Des que abra a porta heille dicir... mais velaí está... É o seu vestido o que toco, as súas mans, os seus cabelos, a súa pel. Bícoa cunha boca reloucante, e choro.

89.- A SOEDADE

Para quen había eu agora enfeitar os meus beizos? Para quen pulir as miñas unllas? Para quen perfumar os meus cabelos?

Para quen os meus seos empoados de vermello, se non a van xa tentar? Para quen os brazos lavados con leite se non van nunca máis estreitala?

Como ía eu dar durmido? Como me ía eu dar deitado? Esta noite, a miña man, en todo o meu leito, non atopou a súa man quente.

Non me atrevo a entrar de novo na miña casa, no cuarto horrorosamente baleiro. Non me atrevo a abrir de novo a porta. Nin mesmo a volver abrir os ollos.

90.- CARTA

É imposible, imposible. Suplícocho de xeonllos, con bágoas, todas as bágoas que chorei enriba desta terrible carta: non me abandones así.

Non pensas no moi horroroso que é volverte perder para sempre por segunda vez, despois de ter a inmensa ledicia de esperar reconquistarte? Ah, meus amores! Non sentides ata que punto eu vos amo!

Escóitame. Concédeme verte outra vez. Queres estar mañá, ao solpór, diante da túa porta? Mañá ou no outro día. Eu ireite coller. Non me negues iso.

A derradeira vez, se cadra; de acordo, mais aínda estoutra vez, aínda estoutra vez! Pídocho, bérrocho, e repara en que da túa resposta depende o resto da miña vida.

91.- A TENTATIVA

Tiñas ciúmes de nós, Xirino, rapaza demasiado ardente! Que de ramalletiños penduraches no petador da nosa porta! Agardábasnos ao pasar e seguíasnos pola rúa.

Agora estás, segundo os teus devezos, estendida no lugar amado, coa cabeza enriba desa almofadiña na que revoa outro olor de muller. Ti es máis grande do que ela non era. O teu corpo diferente sorpréndeme.

Mira, finalmente cedín a ti. Si, son eu. Podes xogar cos meus seos, aloumiñar a miña cadeira, abrir os meus xeonllos. O meu corpo enteiroño entrégase aos teus beizos infatigables. Coitada!

Ah, Xirino! Co amor tamén rebordan as miñas bágoas! Enxóitaas cos teus cabelos, non as biques, queridiña, e enlázame de máis perto aínda para dominar os meus tremores

92.- O ESFORZO

Vamos! Abonda de suspiros e de brazos estirados! Volve comezar! Seica pensas que o amor é folganza? Xirino, éche un labor, e de todos o máis árduo.

Acorda! É preciso que non durmas! Que me importan as pálpebras azúis e o trazo da dor que che queima as pernas delgadeiras. Astarté referve nos meus cadrís

Deitámonos denantes do solpór. Velaí está xa a ruín aurora. Mais non estou derreada por tan pouco. Non hei durmir antes da segunda noite.

Non hei durmir: cómpre que ti non durmas. Ah, que agre é o sabor da mañá! Xirino, cátao ben. Son máis difíciles os bicos, pero máis estraños, e máis lentos.

94.- A XIRINO

Non penses que te ameí. Comínte coma un figo maduro, bebínte coma unha auga abrasadora, leveíte de arredor de min coma un cinto de pel.

Divertínme co teu corpo porque tes os cabelos cortos, os seos en punta sobre do teu corpo fraco, e os petóns negros como dous dátiles pequenos.

Igual que cómpre a auga e mais os froitos, tamén unha muller é necesaria, mais agora xa non sei o teu nome, ti que pasaches polos meus brazos coma a sombra doutra adorada.

Entre a túa carne e a miña posuíume un soño queimante. Apertábate riba de min coma enriba dunha ferida e berraba: Mnasidica! Mnasidica! Mnasidica!

95.- O DERRADEIRO INTENTO

“-Que queres, vella? -Consolarte. -Perdes o tempo. - Dixéronme que despois da ruptura ías de amor en amor sen atopares o esquezo nin o acougo. Véñoche propór alguén.

-Fala. -É unha escrava noviña nacida en Sardes. Non ten igual no mundo, porque á vez é home e máis muller, aínda que o seu peito e os seus longos cabelos e a súa voz clara provoquen a ilusión.

-Que anos ten? -Dezaseis. -E de estatura? -Alta. Non coñeceu ninguén aquí, non sendo Psafa que está perdidamente namorada dela e quíxoma mercar por vinte minas²³. Se ti a alugas, é túa. -E que había eu facer con ela?

Hai vinte e dúas noites que en van intento escapar da lembranza... De acordo, collerei tamén esta, mais avisa á pobre pequena, para que non se espante se eu salaio entre os seus brazos.”

²³ A mina valía cen dracmas.

96.- A LEMBRANZA ESGAZADORA

Lembro... (a que hora do día non a teño diante dos meus ollos!) lembro o xeito que Ela tiña de soerguer o seu cabelo cos febles dedos tan pálidos.

Lembro que unha noite pasou a meixela polo meu seo, tan manseliñamente que a felicidade me mantivo desperta, e no outro día ela tiña no rostro a marca da papila redonda.

Véxoa, termendo da súa cunca de leite e mirándome de esguello cun sorriso. Véxoa, empoada e peiteada, abrindo os grandes ollos diante do seu espello e retocando co dedo o carmín dos seus beizos..

E por cima de todo, se o meu desespero é unha perpetua tortura, é que sei, momento a momento, como desfalece nos brazos da outra, e o que lle pide e o que lle dá.

97.- Á BONECA DE CERA

Boneca de cera, xoguete querido ao que ela chamaba súa filla, deixoute a ti tamén e esquécete igual ca a min, que fun con ela teu pai ou túa nai, non o sei..

O premer dos seus beizos descolorara as túas meixeliñas, e na man esquerda velaquí ese dedo rompido que a fixo chorar tanto. Esa pequena cíclade que levas, é ela quen a bordou.

Segundo contaba, sabías xa ler. E mais aínda non estabas desleitada, e polo serán, debrozada enriba de ti, abría a súa túnica e dábache o seu seo “para que non chores”, dicía.

Boneca, se eu quixese vela de novo, daríate a Afrodita, coma o máis prezado dos meus presentes. Mais quero pensar que está morta de a feito.

98.- CANTO FÚNEBRE

Cantade un canto fúnebre, musas mitilenenses! Cantade! A terra está escura coma un traxe de loito e as árbores amarelas arrepíanse como cabeleiras cortadas.

Heraio²⁴, oh, triste e doce mes ! As follas caen engordido coma a neve; o sol é máis penetrante na fraga menos mesta. Xa non sinto senón o silencio.

Velaí que levaron á tumba a Pitacos carregado de anos. Moitos que eu coñecía morreron xa. E a que vive é para min igual que se non existise.

Este é o décimo outono que vin morrer nesta chaira. É tempo tamén de que eu desapareza. Chorade comigo, musas mitilenenses, chorade enriba dos meus pasos!

²⁴ Mes consagrado a Hera.

III

EPIGRAMAS NA ILLA DE CHIPRE

Ἀλλά με ναρκίσσοις ἀναδήσατε, καὶ πλαγιαύλων
γεύσατε καὶ κροκίνοις κρίσατε γυῖα μύροις.
Καὶ Μυτιληναίῳ τὸν πνεύμονα τέγξατε Βάκχῳ
καὶ συζεύξατε μοι φωλάδα παρθενικήν.

FILODEMO²⁵

²⁵ “Mais cinxídeme con narcisos, cos sons da flauta aledádeme as orellas, untádeme os membros con esencias de azafrán, humedecédeme as entrañas cun bo viño de Mitilene e casádeme cunha fermosa rapaza sinxeliña.”

99.- HIMNO A ASTARTÉ

Nai inesgotable, incorruptible, creadora, nacida a primeira, enxendrada por ti mesma, concebida de ti mesma, saída de ti soa e que desfrutas en ti, Astarté!

Oh, perpetuamente fecundada ! Oh, virxe e nutriz de todo! Casta e lasciva, pura e gozadora, inefable, nocturna, doce, respiradora do lume, espuma do mar!

Ti que concedes en segredo a graza, ti que unes, ti que amas, ti que invades de furiosa cobiza as razas multiplicadas dos animais salvaxes e xuntas os sexos nas fragas,

Oh, Astarté irresistible! Escóitame, tómame, posúeme, oh Lúa! E trece veces cada ano arranca das miñas entrañas a libación do meu sangue!

100.- HIMNO Á NOITE

As masas negras das árbores non se moven, igual que non se moven as montañas. As estrelas ateigan un ceo inmenso. Un aire quente coma un sopro humano agarima os meus ollos e as miñas meixelas.

Oh, Noite que enxendraches os Deuses, que doce es ti sobre dos meus beizos! Que quente es ti nestes meus cabelos! Que ben entras ti en min este serán e que preñe me sinto eu de toda a túa primavera!

As flores que van florecer van todas nacer de min. O vento que respira é o meu alento. O arrecendo que pasa é a miña arela. As estrelas todas están nos meus ollos.

A túa voz: é o son do mar? É o vento da chaira? Non a dou entendido, a túa voz, mais ela lánzame a cabeza aos pés e as miñas bágoas escórrenme polas mans.

101.- AS MÉNADES

Ao través das fragas que dominan o mar lanzáronse as ménades. Mascalle a dos seos fogosos, oubeando, brandía o falo, que era de pau de sicómoro emborrallado de vermellón.

Todas, baixo a basaris²⁶ e as coroas de pámpanos de videira, corrían e berraban e choutaban, os crótalos chouqueleaban nas mans e os tirsos²⁷ furaban a pelica dos resoantes pandeiros.

Cabeleiras molladas, pernas áxiles, seos arrubidos e apremidos, suor das meixelas, espuma dos beizos, oh Dionisos, estaban a ofrecerche en volta o ardor que ti botabas nelas!

E o vento do mar, soerguendo os cabelos roxos de Heliocomis, retorcíao coma unha chama furiosa enriba dunha facha de branca cera.

102.- O MAR DE CIPRIA

Enriba do máis alto promontorio deiteime en diante. O mar estaba negro coma un campo de violetas. A vía láctea escorregaba da gran ubre divina.

Mil ménades de arredor miña dormían nas flores esgazadas. As longas herbas mesturábanse coas cabeleiras. E velaí que naceu o sol na auga oriental.

Eran as mesmas ondas e o a mesma ribeira que un día viron aparecer o branco corpo de Afrodita... Eu agachei de súpeto os ollos nas mans.

Porque vira tremelicar sobre da auga mil beiciños de luz: o sexo puro ou o sorrir de Cipria Filomeides²⁸.

²⁶ Pelica de raposo.

²⁷ Pau adoviado con pámpanos de videira e follas de edra que remataba cunha piña e simbolizaba a Dionisos.

²⁸ Epíteto aplicado a Cipria: “a que ama os sorrisos”.

103.- AS SACERDOTISAS DA ASTARTÉ

As sacerdotisas da Astarté fan o amor ao saír a lúa, despois érguense de novo e báñanse nunha vasta pía con beiril de prata.

Cos seus dedos encurvados pintan as cabeleiras, e as súas mans tinxidas de púrpura, mesturadas ás suas negras crechas, semellan pólas de coral nun mar escuro e aboiante.

Endexamáis se depilan, para que o triángulo da deusa marque o seu ventre coma un templo, mais tínxense co pincel e perfúmanse profundamente.

As sacerdotisas da Astarté fan o amor ao se pór a lúa; despois, nunha sala de tapetes onde arde unha alta lámpada de ouro, déitanse á toa.

104.- OS MISTERIOS

No recinto tres veces misterioso onde os homes non penetran, fixemos nós a túa festa, Astarté da Noite, Nai do Mundo, Fonte da vida dos Deuses!

Vou revelar algo dela, pero non máis do que está permitido. De arredor do Falo coroado cento vinte mulleres acaneábanse gritando. As iniciadas estaban en roupa de home, as outras en túnica fendida.

O fumegar dos perfumes e o fumegar dos fachos revoaba entre nós cal entoldada. Eu choraba con ardentes bágoas. Todas, ao pé da Berbea²⁹, deitámonos sobre do lombo.

Por fin, cando o Acto relixioso foi consumado, e cando no Triángulo Único mergullaron o falo purpurado, daquela comezou o misterio, pero non hei contar máis nada.

²⁹ Epíteto aplicado a Afrodita que non foi esclarecido.

105.- AS CORTESÁS EXIPCIAS

Fun con Plango cabo das cortesás exipcias, no mais alto da cidade vella. Teñen ánforas de terra, bandexas de cobre e esteiras amarelas nas que se encrequen sen esforzo.

Os seus cuartos son silenciosos, sen ángulos nin cantos, tan atenuadas están as cornisas e tan arredondados os baixos das paredes polas sucesivas capas de cal azul.

Mantéñense inmóbiles, coas mans pousadas riba dos xeonllos. Cando ofrecen papas, murmuran: “Felicidade”. E cando llelo agradecen, din: “Grazas a ti”.

Entenden o heleno e fan que o falan mal para riren de nós na súa lingua; mais nós, dente por dente, falamos en lidio e de súpeto éntralles o desacougo.

106.- CANTO A MIÑA CARNE E A MIÑA VIDA

De certo que non hei cantar as amantes célebres. Se xa non están: por que falarmos delas? Seica eu non son seu igual? Seica non teño xa abondo con pensar en min mesma?

Heite esquecer, Pasifae, aínda que a túa paixón fose extrema. Non te hei gabar, Sirinx, nin ti, Biblis, nin ti, pola deusa entre todas escollida, Helena a dos brazos brancos!

Se alguén sufriu, non o sinto apenas. Se alguén amou, eu amo aínda máis. Eu canto a miña carne e a miña vida, e non a sombra estéril das namoradas enterradas.

Segue deitado, meu corpo, segundo a túa misión voluptuosa! Saborea o gozo cotián e as paixóns sen futuro. Non lles deixes unha ledicia descoñecida aos prantos do día da túa morte.

107.- OS PERFUMES

Hei perfumar a pel toda para atraer os amantes. Polas miñas pernas, nun cunco de prata, hei verter nardo de Tarso e metopio³⁰ de Exipto.

Baixo os meus brazos, hortelá, sobre das miñas pestanas e dos meus ollos, maiorana de Cos³¹. Escrava, desfai a miña cabeleira e énchea de fume de incenso.

Velaí a oinante ³² das montañas de Chipre, heina facer escorregar entre os meus seos; o licor de rosa que ven de Faselis embalsamará a miña caluga e as miñas meixelas.

E agora, espalla polo meu van a irresistible baccharis . Val máis para unha cortesá coñecer os perfumes da Lidia que os costumes do Peloponeso.

108.- CONVERSA

“-Bo día. –Bo día, tamén. –Levas moita presa. –Se cadra menos da que pensas. –Es unha rapaza bonita. –Se cadra máis do que ti cres.

-Cal é o teu nome meiguiño? -Non o digo tan axiña. –Tes alguén esta noite? -Sempre o que me ama. –E como o amas ti? -Como quere el.

-Cea comigo. –Se o desexas. Mais que é o que dás? -Isto. -Cinco dracmas? Para a miña escrava. E para min? -Di ti mesma. –Cen.

-Onde moras? -Nesta casa azul. -A que hora queres que te mande buscar? –Agora mesmo, se queres. –Agora mesmo. –Vai de diante.”

³⁰ Óleo perfumado.

³¹ Illa do arquipélago do Dodecaneso

³² Flor da vide.

109.- O VESTIDO RACHADO

“-Ei, polas dúas deusas! Quen é o insolente que pisou o meu vestido? -Un namorado. -Un parvo. -Fun zoupón, descúlpame.

-Papán! Teño o vestido amarelo todo rachado por tras, e se camiño así pola rúa vanme tomar por unha rapariga pobre que anda a servir a Cipria inversa.

-Non has acabar? -E mais paréceme que aínda fala! -Vaste ir, así, encarraxada?... Non respondes? Coitado de min! Non me atrevo a dicir máis nada.

-Teño que volver á miña casa, para mudar de vestido. -E non te podo eu seguir? -Quen é teu pai? -É o rico armador Niquias. -Tes uns ollos moi fermosos, estás perdoado”

110.- AS XOIAS

Unha diadema de ouro labrado coroa a miña fronte estreita e branca. Cinco cadeíñas de ouro que dan a volta ás miñas meixelas e á miña mandíbula penden dos cabelos por dous grandes prendedores.

Nos meus brazos, que envexaría Iris, sucédense trece brazaletes de prata. Moito pesan! Mais son armas, e eu ben sei que unha inimiga sufriu por causa deles.

Estou verdadeiramente cuberta de ouro. Os meus seos están acoirazados con dous pectorais de ouro. As imaxes dos deuses non son tan ricas coma eu son.

E levo sobre o meu espeso manto un cinto entretecido con fíos de prata. Nel poderás ler estes dous versos: “Ámame eternamente, mais non esteas aflixido se eu te engano tres veces no día”

111.- O INDIFERENTE

Des que entrou no meu cuarto, calquera que el sexa (seica importa?), dígolle á escrava: “Mira, que home tan garrido! Que feliz é unha cortesá!”.

Declároo Adonis, Ares ou Heracles, segundo a súa face, ou o Vello dos Mares se os seus cabelos son de pálida prata. E entón, que desprezo para a mocidade lixeira!

“Ah!” –póñome eu- “Se non tivese que pagar mañá o meu florista e o meu orfebre, moito me gustaría dicirche: Non quero o teu ouro! Son túa servidora afervoadá!”.

Despois, cando volveu pechar os seus brazos baixo os meus ombros, vexo un remeiro do porto pasar coma unha imaxe divina sobre do ceo estrelado das miñas pálpebras transparentes.

112.- A AUGA PURA DA PÍA

“-Auga pura da pía, espello inmóbil, dime a miña beleza. –Oh, Bilitis ou quen ti sexas, Tetis se cadra ou Anfitrite! Es belida, sábeo.

O teu rostro debrúzase baixo a túa cabeleira espesa, opada por flores e perfumes. As túas moles pálpebras apenas se abren e os teus costados están cansos dos movementos do amor.

O teu corpo fatigado polo peso dos teus seos leva as marcas finas da unlla e as pegadas azuis do bico. Os teus brazos están avermellados pola aperta. Cada liña da túa pel foi amada.

-Auga clara da pía, a túa frescura dáme acougo. Recíbeme, que estou cansa, en efecto. Tira o enfeite das miñas meixelas, e a suor do meu ventre e a lembranza da noite.”

114.- VOLUPTUOSIDADE

Sobre dunha terraza branca, pola noite, deixáronnos desvanecidas nas rosas. A suor quente escoaba, igual que bágoas, das nosas axilas aos nosos seos. Unha voluptuosidade esmagadora empurpura as nosas testas viradas cara a atrás.

Catro pombas cautivas, bañadas en catro perfumes, revoaron por riba nosa en silencio. Das súas ás, por cima das mulleres núas, escorregaban pingas de extractos. A min inundoume a esencia de iris.

Oh, fatiga! Fixen repousar a miña meixela no ventre dunha rapaza que se envolveu en frescura coa miña cabeleira húmida. O olor da súa pel azafranada embebedaba a miña boca aberta. Pechou a súa coxa sobre da miña caluga.

Adormecín, mais un soño esgotador fíxome acordar: o inx³³, paxaro dos degoros nocturnos, cantaba desesperadamente ao lonxe. Eu tusín cun arreguizo. Un brazo languidecente coma unha flor érguíase pouco a pouco cara á lua, no aire.

115.- A POUSADA

Pousadeiro, somos catro. Danos un cuarto e dous leitos. Agora é tarde de mais para volvermos á cidade e a chuvia furou o camiño.

Trae un canistrelo de figos, queixo e viño negro, mais tírame primeiro as sandalias e lávame os pés, porque a lama faime cóchegas.

Has facer levar ao cuarto dous cuncos con auga, unha lámpada chea, unha cratera e varios cílices³⁴. Has sacudir os cobertores e bater as almofadiñas.

Mais que os leitos sexan de bo pradairo e as táboas silandeiras! Mañá non nos despertes.

³³ Paxaro que simbolizaba o amor afervoadado.

³⁴ En canto que a cratera era un xarro alto e amplo con forma de cáliz, o cílice era pequeno e aberto, coma as nosas cuncas pequenas. Tanto un coma outro levaban asas.

116.- A DOMESTICIDADE

Catro escravos gardan a miña casa: dous tracios robustos na miña porta, un siciliano na cociña e unha frixia dócil e calada para o servizo do meu leito.

Os dous tracios son homes garridos. Teñen un pau na man para arredar os amantes pobres e un martelo para cravar na parede as coroas que me envían.

O siciliano é un cociñeiro fóra do común, costoume doce minas. Ningún outro sabe preparar coma el croquetas fritidas e doces de dormideira.

A frixia báñame, peitéame e depírame. Dorme á mañá no meu cuarto e durante tres noites, cada mes, substitúeme cos meus amantes.

117.- O TRIUNFO DE BILITIS

Os procesionarios leváronme en triunfo, a min, Bilitis, toda espida enriba dun carro en cuncha no que uns escravos, durante a noite, esfolgaran dez mil rosas.

Eu ía deitada, coas mans baixo a caluga, só cos pés vestidos de ouro, e o meu corpo alongábase mainamente sobre do leito dos meus cabelos mornos mesturados cos pétalos frescos.

Doce meniños, cos ombros alados, servíanme como a unha deusa. Uns sostiñan un parasol, outros mollábanme con perfumes ou queimaban incenso na proa.

E de arredor miña sentía soar o ruxe-ruxe ardente da multitude, namentres o alento dos degoros revoaba sobre a miña nueza, nas brétemas azuis dos aromatizantes.

118.- AOS SEUS SEOS

Carnes en flor, oh meus seos! Que ricos sodes en voluptuosidade! Meus seos nas miñas mans, canta moleza e melosa calor e perfumes mozos tedes en vós!

En tempos, estabades conxelados coma o peito dunha estatua, e duros como insensibles mármore. Dende que cangades agarímovos máis, vós que fostes amados.

A vosa forma lisa e alombada é o honor do meu torso moreneiro. Quer vos eu aprisione baixo a rediña de ouro, quer vos eu libre enteiramente nus, precedédesme co voso esplendor.

Sede, pois, felices esta noite. Se os meus dedos enxendran caricias, só vós seredes sabedores ata mañá, porque esta noite Bilitis pagoulle a Bilitis.

120.-MIDZURIS

Midzuris, montiño de lixo, non chores. Es miña amiga. Se esas mulleres seguen a te insultar, son eu quen lles ha responder. Ven entre os meus brazos e seca os ollos.

Si, ben sei que es unha rapaza horrible e que a túa nai che aprendeu cediño a faceres proba da valentía máis grande. Mais es nova, e por iso non podes facer cousa ningunha que non sexa meiguiña.

A boca dunha rapaza de quince anos permanece pura malia todo. Os beizos dunha muller canosa, mesmo virxes, están derramados, porque o único oprobio é envellecer e só as engurras nos murchan.

Midzuris, gústanme os teus ollos francos, o teu nome impúdico e ousado³⁵, a túa voz ridora e o teu corpo lixeiro. Ven para a miña casa, has ser miña axudanta, e cando saíamos xuntas, as mulleres hante saudar.

³⁵ Na composición deste nome, seguramente forxado por Louÿs, atópanse as palabras gregas que significan “zugar” e “esperma”.

121.- O BAÑO

Meniño, garda ben a porta e non deixes entrar os camiñantes, porque eu e seis rapazas de fermosos brazos estamos a nos bañar en segredo nas mornas augas do estanque.

Non queremos senón rir e nadar. Deixa os amantes na rúa. Imos enchoupar na auga as nosas pernas e, sentadas na beira do mármore, xogar ás chucas.

Tamén imos xogar á pelota. Non deixes entrar os amantes, as nosas cabeleiras están molladas de máis, os nosos peitos teñen a carne de galiña e a punta dos nosos dedos engúrrase.

De por parte, habíase arrepentir, aquel que nos sorprendese espidas! Bilitis non é Atenea, mais só se amosa ás súas horas e castiga os ollos demasiado ardentes.

122.- AO DEUS DE PAU

Oh, venerable Príapo, deus de pau que fixen encaixar no mármore da beira dos meus baños, non é sen motivo, gardián dos pomares, que aquí velas polas cortesás.

Deus, non te mercamos para te sacrificarmos as nosas virxindades. Ninguén pode dar o que xa non ten, e as adeptas de Palas non percorren as rúas de Amatonte.

Non. Ti velabas algún tempo polas cabeleiras das árbores, polas flores ben regadas, polos froitos pesados e gorentosos. Foi polo que nós te escollemos.

Garda hoxe as nosas testas loiras, as papoulas abertas dos nosos beizos e as violetas dos nosos ollos. Garda os froitos duros dos nosos seos e dános amantes que te asemellen.

123.- A BILADEIRA CON CRÓTALOS

Atas ás túas mans lixeiras os teus crótalos resoantes, Mirrinidón querida, e, apenas núa fóra do vestido, estiras os teus membros nerviosos. Que bonita estás, cos brazos ao aire, o lombo arqueado e os seos vermellos!

Comezas: os teus pés, un atrás do outro, póusanse, dubidan e esvaran mainamente. O teu corpo prégase coma un pano, acariñas a túa pel que tremela e a voluptuosidade inunda os teus longos ollos desmaiados.

De súpeto bates uns crótalos! Empénate riba dos pés ergueitos, acanea as cadeiras, lanza as pernas, e que as túas mans cheas de estroncio chamen todos os devezos amoreados de arredor do teu corpo remuiñante !

Aplaudamos nós con grandes gritos, quer que, sorrindo por riba do ombreiro, abales cun arreguizo a túa grupa convulsiva e musculosa, quer que ondules, case estrada, ao ritmo das túas lembranzas.

124.- A TOCADORA DE FLAUTA

Melixó: coas pernas apertadas, o corpo debruzado e os brazos para adiante, fas esvarar a túa dobre flauta lixeira entre os teus beizos mollados de viño, e tocas por cima da cama na que Teleas aínda me estreita.

Seica non son ben imprudente ao alugar eu unha rapaciña tan nova para distraer as miñas horas laboriosas, ao mostrala así espida ás olladas curiosas dos meus amantes? Non son desconsiderada?

Non, Melixó, tocadoriña de música, ti es unha boa amiga. Onte non me negaches trocades a túa flauta por outra, cando eu xa desesperaba de cumprir un amor cheo de dificultades. Mais ti es segura.

Porque eu ben sei o que pensas. Agardas o remate desta noite excesiva que te arricha cruelmente en van, e ao abrente has correr pola rúa, co teu único amigo Psilos, cara ao teu colchonciño desfondado.

125.- O CINTO QUENTE

“Coidas que xa non me queres, Teleas, e dende hai un mes pasas as noites á mesa, como se os froitos, os viños e o mel puidesen facerche esquecer a miña boca. Coidas que xa non me queres, pobre toliño!”

Dicindo isto, desatei o meu cinto lentrecedo e enroleino arredor da súa testa. Aínda estaba todo quente da calor do meu ventre; o arrecendo da miña pel saía das súas mallas finas.

Respirouno longamente, cos ollos pechados, e despois sentín que volvía a min e vin mesmo nidiamente os seus devezos despertos que el non me agachaba, mais, con engado, souben resistir :

“Non, meu amigo. Esta noite posúeme Lisipo. Adeus!” E continuei mentres fuxía: “ Ai, larpán de froitos e legumes, o hortelo de Bilitis ten só un figuiño, mais éche ben bo!”.

126.- A UN MARIDO FELIZ

Envéxote, Agoracrités, por teres unha muller tan ganduxeira. É ela quen coida da corte e, pola mañá, en lugar de facer o amor, dálle de beber aos animais.

Ti alégraste diso. Que outras –dis ti- pensen só nos praceres baixos, velen pola noite, durman polo día e lle pidan aínda ao adulterio unha saciedade criminal.

Si, a túa muller traballa na corte. Mesmo din que ten mil agarimos para o máis novo dos teus burros. Ah, ah, é un fermoso bicho! Ten unha mata negra enriba dos ollos.

Disque ela xoga entre as súas patas, baixo o seu ventre gris e dondo. Mais os que din iso son contiqueiros. Se o teu burro lle gusta, Agoracrités, é sen dúbida que a súa ollada lle lembra á túa

127.- A UN EXTRAVIADO

O amor das mulleres é o máis fermoso de todos cantos os mortais proban, e ti habías pensar deste xeito, Cleón, se tiveses a alma verdadeiramente voluptuosa, mais soñas só fatuidades.

Perdes as túas noites a agarimar os efebos que nos descoñecen. Míraos ben! Que feos son! Compara coas súas testas redondas as nosas cabeleiras inmensas, busca os nosos brancos seos nos seus peitos.

Á beira dos seus costados estreitos, repara nas nosas cadeiras luxuriantes, leito largacío afondado para o amante. Di, en fin: que beizos humanos, senón os que eles quixerían ter, elaboran os praceres?

Estás enfermo, Cleón, mais pódete curar unha muller. Vai rente da mociña Satira, a filla da miña veciña Gorgo. A súa grupa é unha rosa ao sol e ela non che ha refugar o gozo que ela mesma prefire.

128.- INTIMIDADES

Por que me fixen lesbiana, preguntas, Bilitis. E mais: que tocadora de flauta non o é un pouco? Son pobre, non teño leito, durmo con quen me quere e agradézollo co que teño.

De pequeniñas xa danzamos núas, as danzas ben as coñeces, miña querida: os doce desexos de Afrodita. Mirámonos unhas ás outras, comparamos as nosas nuezas e atopámolas moi bonitas.

Durante a longa noite fómonos quentando para o pracer dos espectadores, mais o noso ardor non é finxido e sentímolo tan ben que ás veces, detrás das portas, unha de nós arrastra á súa veciña, que consente.

Como, logo, habiamos amar o home, que é groseiro connosco? Cóllenos como rapazas e déixanos antes da ledicia. Ti es muller, sabes o que eu sinto. E ti obras como se fose para ti mesma.

129.- A ENCOMENDA

“-Vella, escóitame. Dou un banquete de aquí a tres días. Preciso unha diversión. Vasme alugar as túas raparigas todas. Cantas tes e que saben facer?”

-Teño sete. Tres danzan a córdax³⁶ co pano e o falo. Nefelé a das axilas lisas fará en mimo o amor da pomba entre os seus seos cór de rosa.

Unha cantadora en peplo bordado cantará cancións de Rodas, acompañada por dúas aulétridas³⁷ que levarán grinaldas de mirto enroladas ás suas pernas moreneiras.

-Está ben. Que estean depiladas de fresco, lavadas e perfumadas dos pés á testa, dipostas para outros xogos se llelos piden. Vai dar as ordes. Adeus.”

130.- A FIGURA DE PASIFAE

Nunha bandallada que dous mozos e algunhas cortesás fixeron na miña casa e na que o amor correu a regos coma o viño, Damalis, para festexar o seu nome³⁸, danzou a figura de Pasifae³⁹.

Mandara ela facer en Quitión dúas máscaras de vaca e de touro, para ela e mais para Carmantidés. Portaba uns cornos terribles, e un rabo peludo na súa grupa.

As outras mulleres, conducidas por min, sostendo flores e brandóns, virabamos sobre nós mesmas con gritos, e acariñabamos Damalis coa punta das nosas cabeleiras pendurantes.

Os seus brados e os nosos cantos e as danzas dos nosos cadrís duraron máis do que a noite. O cuarto baleiro aínda está quente. Estou mirando as miñas mans avermelladas e as cántaras de Quíos⁴⁰ onde nadan as rosas.

³⁶ Tipo de danza lasciva.

³⁷ A aulétrida tocaba a flauta e facía tamén de cortesá nos banquetes.

³⁸ Significa “xovenca”.

³⁹ Raiña de Creta, casou co rei Minos, de quen tivo a Ariana e a Fedra. Afrodita inspiroulle o amor por un touro mariño, do que naceu o Minotauro.

⁴⁰ A illa de Quíos tiña un viño de moita sona.

131.- A XOGRARESA

Cando o alborexar se mesturou coas luciñas esmorecentes dos brandóns, fixen entrar na orxía unha tocadora de flauta, viciosa e áxil, que tremelicaba un pouco pola friaxe.

Louvade a rapaciña de pálpebras azuis, cabelos cortos e seos picudos, vestida só cun cinto do que pendían fitas amarelas e talos de iris negros.

Louvádea, pois foi habelenciosa e fixo artes difíciles. Xogaba con aros, sen romper cousa ningunha na sala, e escorregaba ao traveso deles coma un saltón.

Por veces daba viravoltas sobre das mans ou dos pés. Ou ben, cos dous brazos no aire e os xeonllos afastados, encorvallábase cara a atrás e tocaba o chan rindo.

132.- A DANZA DAS FLORES

Antis, bailadeira de Lidia, ten sete veos de arredor dela. Desenvolve o veo amarelo e a súa cabeleira negra se espalla. O veo rosa esvara da súa boca. O veo branco caído deixa ver os seus brazos nus.

Ceiba os seus seños do veo vermello que se desata. Baixa o veo verde da súa grupa dobre e redonda. Tira o veo azul dos seus ombreiros, mais apura sobre da súa puberdade o derradeiro veo transparente.

Os mozos suplicanlle, ela abanea a testa cara a atrás. Só co son das flautas o esgaza un pouquiño, de a feito despois, e seguindo os acenos da danza, colle as flores do seu corpo,

Cantando: “Onde van as miñas rosas? Onde as miñas violetas recendentes? Onde as matas de prixel? Velaí están as miñas rosas, dóuvolas. Velaí as miñas violetas, querédelas? Velaí o meu fermoso prixel rizado.”

135.- A VIOLENCIA

Non, non me has coller pola forza, non contes con iso, Lamprias. Se sentiches dicir que violaron a Partenís, sabe que ela puxera algo de si, porque non se goza de nós sen ser invitado.

Oh, faino o mellor que poidas, esfórzate, ben ves que é en van. Con todo, eu apenas me defendo. Non hei pedir socorro. E nin mesmo pelexo, mais móvome. Ai, amigo, fallaches de novo.

Continúa. Este xoguiño divírteme. Canto máis que estou segura de vencer. Outro intento malfadado e se cadra has estar menos disposto a me probares os teus desexos apagados.

Verdugo, que fas? Can! Estasme rompendo os pulsos! E o xeonllo ese, rebéntame o ventre! Ah, vai, agora: éche unha boa vitoria apoderarse no chan dunha rapaza que chora

136.- CANCIÓN

O primeiro deume un colar, un colar de perlas que vale unha cidade, cos palacios e os templos, e os tesouros e os escravos.

O segundo fixome versos. Dicía que os meus cabelos son negros coma os da noite riba do mar e os meus ollos azuis coma os da mañá.

O terceiro era tan belido que a súa nai non o bicaba sen se ruborizar. Pousou as súas mans sobre dos meus xeonllos, e os seus beizos sobre do meu pé descalzo.

Ti non me dixeches nada. Ti non me deches nada, porque es pobre. E non es belido, mais é a ti a quen amo.

137.- CONSELLOS A UN AMANTE

Se queres ser amado por unha muller, amigo mozo, sexa quen ela for, non lle digas que a queres senón fai que te vexa cada día e logo desaparece, para volveres.

Se che dirixe a palabra, sé amoroso, sen ardencia. Ha vir por ela mesma a ti. Sabe entón collela pola forza, o día en que ela conte entregarse.

Cando a recibas no teu leito, esquece o teu propio pracer. As mans dunha muller namorada tremelican e non dan aloumiños. Descúlpaas por non seren atenciosas.

Mais ti, non teñas acougo. Alonga os bicos ata perderes o alento. Non a deixes durmir, mesmo se cho suplica. E bícalle sempre a parte do corpo cara a onde ela vira os ollos.

138.- AS AMIGAS A CEAR

Miromeris e Mascalle, amigas, vide comigo, pois non teño amante este serán e, deitadas sobre de leitos de bissos⁴¹, habemos parolar arredor da cea.

Unha noite de repouso havos vir ben: durmiredes no meu leito, mesmo sen enfeites e mal peiteadas. Poñede unha sinxela túnica de la e deixade as vosas xoias na arquíña.

Ninguén vos ha facer danzar para admirar as vosas pernas e os movementos pesados dos vosos cadrís. Ninguén vos ha pedir as Figuras Sagradas para xulgar se estades namoradas.

E eu non encarguei, para nós, dúas tocadoras de flauta con fermosas bocas, senón dúas potadas de chícharos rustridos, doces de mel, croquetas fritidas e o meu derradeiro odre de Quíos.

⁴¹ Tecido fino de liño.

139.- A TUMBA DUNHA CORTESÁ NOVA

Aquí xaz o corpo delicado da pombiña Lidé, a máis leda das cortesás todas, que máis ca ningunha outra amou as orxías, os cabelos a revoar, as danzas mainas e as túnicas de xacinto⁴².

Máis ca ningunha outra amou os glotismos⁴³ gorentosos, as caricias na meixela, os xogos que só a lámpada é quen de ver e o amor que creba os membros. E agora é unha sombra pequena.

Mais, antes de a pousarmos na tumba, peiteámola maravillosamente e deitámola nas rosas; a mesma pedra que a cobre está toda impregnada de esencia e de perfumes.

Terra sagrada, nutriz de todo, acolle docemente a pobre morta, adorméntaa nos teus brazos, oh Nai, e fai medrar de arredor da estela, non as ortigas e as silvas senón as tenras violetas brancas.

140.- A VENDEDORIÑA DE ROSAS

Onte -díxome Naís- estaba eu na praza cando unha rapaciña en farrapos vermellos pasou, levando rosas, diante dun grupo de mozos. E velaí o que escoitei:

“ -Mercádeme algo. -Explícate, pequena, porque non sabemos o que vendes: Véndeste ti? Vendes as rosas? Ou as dúas cousas? -Se me mercades as flores todas, teredes a miña por nada.

-E canto queres polas rosas? -Cómprenlle seis óbolos á miña nai ou senón hame zoupar coma a unha cadela. -Síguenos. Terás un dracma. -Entón vou pola miña irmá pequena?”

E todas dúas seguiron a aqueles homes. Non tiñan seos, Bilitis, Non sabían nin mesmo sorrir. Trotaban como cabirtos que levan ao carnicero.

⁴² Pano da cor do xacinto

⁴³ Creación verbal de Louÿs adaptando a palabra grega que significaba “bico dado coa lingua”

141.- A LIORTA

Ah, pola Afrodita, velaí estás! Fol de sangue! Goldracha! Lendia! Machorra! Cangallo! Cochaina! Toutizo! Prea! Non trates de fuxir de min, achégate un pouquiño máis.

Mirádeme esa muller de matalotes, que non sabe nin pregar o seu traxe no ombreiro, e que pon enfeite tan ruín que o negro das súas cellas vai correndo a regos de tinta pola súa meixela!

Ti es fenicia: déitate cos da túa raza. Canto a min, meu pai era heleno: teño dereito sobre todos os que levan petaso. E mesmo sobre os outros, se así me apraz.

Non volvas parar na miña rúa, ou envíote ao Hades facer o amor con Caronte, e hei dicir moi acaídamente: “Que a terra che sexa leve!” para que os cans poidan desenterrarte.

142.- MELANCOLÍA

Sinto arreguizos, a noite está fresca e a fraga toda mollada. Por que me trouxeches aquí? Seica o meu gran leito non é máis dondo ca este musgo sementado de pedras?

O meu vestido de flores emborrraráse coa vexetación, os meus cabelos encerellaránse cos guizos, o meu cóbado, velaí tes o meu cóbado, todo luxado de terra húmida

E mais algún día seguíñ polos bosques aquel que... Ah, déixame un bocadiño de tempo! Estou triste este serán. Déixame, sen falar, coa man riba dos ollos.

De certo, non podes esperar! Seica somos bestas pardas para nos pillaren así! Déixame. Non has abrir nin os meus xeonllos nin os meus beizos. Os meus mesmos ollos, por medo a chorar, péchanse.

143.- A PEQUENA FANIÓN

Estranxeiro, detente e mira a que che fixo aceno: é a pequena Fanión de Cos, merece que ti a escollas.

Velaí: os seus cabelos rízanse coma o prixel, a súa pel é donda cal penuxe de paxaro. É pequena e moreneira. Sabe falar ben.

Se queres seguila, non che ha pedir todo o diñeiro da túa viaxe, non, senón un dracma ou un par de zapatos.

Na súa casa has atopar un bo leite, figos frescos, leite, viño e, se vai frío, terás lume.

144.- INDICACIÓNS

Se precisas, camiñante que te detés, unhas coxas lanzais e uns cadrís nerviosos, un peito duro e uns xeonllos que apertan, vai xunto a Plangón, é miña amiga.

Se procuras unha rapaza riseira, con seos exuberantes, delicado van, grupa graxa e cadrís afundidos, vai ao cabo desta rúa, onde mora Espidorrodelis.

Mais se as longas horas tranquilas nos brazos dunha cortesá, a pel dondiña, a calor do ventre e o olor dos cabelos che apracen, procura Milto, has estar contento.

Non esperes moito amor, mais aproveita a súa experiencia. Pódeselle pedir todo a unha muller cando está espida, cando é noite e cando os cen dracmas están enriba do fogar.

145.- O VENDEDOR DE MULLERES

“-Quen anda aí? -Son o vendedor de mulleres. Abre a porta, Sóstrata, preséntoche dúas ocasións. Esta, primeiro. Achégate, Anasirtolis, e díspete. -Está un pouco gorda.

-É unha beleza. A maiores, danza a córdax e coñece oitenta cancións. -Vírate. Ergue os brazos. Amosa os teus cabelos. Dáme o pé. Sorrí. Está ben.

-Estoutra, agora. -É nova de máis! -Nadiña, fixo doce anos antonte, e ti non lle aprenderías cousa ningunha que non saiba. -Tira a túnica. Que dis? -Non, é fraca.

-Por ela pido só unha mina. -E a primeira? -Dúas minas trinta, -Tres minas polas dúas? -Estamos. -Entrade aí e lavádevos. Ti, adeus.”

146.- O ESTRANXEIRO

Estranxeiro, non vaias máis lonxe na cidade. Non has atopar, fóra da miña casa, rapazas máis novas nin máis expertas. Eu son Sóstrata, célebre alén mar.

Velaquí esta de ollos verdes coma a auga na herba. Non a queres? Velaí outros ollos que son negros coma a violeta, e unha cabeleira de tres cóbados.

Teño aínda mellor. Xanto, abre a túa cíclade. Estranxeiro, os seus seos son duros coma o marmelo, tócaos. E o seu fermoso ventre, ben o ves, leva os tres pregues de Cipria.

Merqueina coa súa irmá, que non está aínda en idade de amar, mais axúdalle utilmente. Polas dúas deusas! Ti es de raza nobre. Filis e Xanto, seguíde o cabaleiro.

148.- A LEMBRANZA DE MNASIDICA

Bailaban elas unha diante da outra, cun movemento rápido e fuxidío, semellaban sempre querérense enlazar e mais non se tocaban miga, non sendo coa punta dos beizos.

Cando se daban as costas bailando, fitábanse, coa cabeza riba do ombreiro, e a suor brillaba baixo os seus brazos ergueitos, e as súas cabeleiras finas pasaban diante dos seus seos.

O langor dos seus ollos, o lume das súas meixelas e a gravidade das súas faces eran tres cancións ardentes. Rozábanse furtivamente e dobraban os corpos por riba das cadeiras.

E de súpeto cairon, para acabaren no chan a danza mol... Lembranza de Mnasidica, é entón cando ti me apareceches, e todo, agás a túa querida imaxe, foime importuno.

149.- A NAI MOZA

Non penses, Miomeris, que por teres sido nai teñas menor fermosura. Velaquí que o teu corpo, baixo o vestido, afogou as súas formas magrelas nunha voluptuosa moleza.

Os teus seos son dúas amplas flores emborcadas no teu peito e das que o rabo cortado nutre unha seiva leitosa. O teu ventre, máis lene, brandea baixo a man.

E agora repara na pequerrecha que naceu do abalo que tiveches unha noite nos brazos dun que pasou e do que xa non sabes o nome. Soña co seu afastado destino.

Estes ollos que apenas se abren hanse un día alongar cunha liña de enfeite negro, e han sementar nos homes a dor ou a ledicia, cun movemento das súas pestanas.

150.- O DESCOÑECIDO

Está a durmir. Non o coñezo. Horrorízame. E mais a súa bolsa está chea de ouro e deulle ao escravo catro dracmas ao entrar. Para min espero unha mina.

Mais díxenlle á frixia que entrase no leito no meu lugar. Estaba bébedo e tomouna por min. Antes morrería eu na tortura que alongarme rentes deste home.

Coitada! Soño cos prados do Tauro... Fun unha virxiña... Daquela tiña o peito lixeiro, e estaba tan tola de cobiza amorosa que odiaba as miñas irmás casadas.

Que non facía para obter o que esta noite refuguei! Hoxe as miñas mamas caen, e no meu corazón gastado de máis Eros adormece coa canseira.

151.- O ENGAÑO

Estou despertando... Daquela marchou? E deixou algo? Non: dúas ánforas baleiras e unhas flores emporcadas. Todo o tapete está vermello de viño.

Durmín, pero aínda estou bébeda... Daquela con quen volvín?... E mais si que nos deitamos. O leito está mesmo enchoupado de suor.

Se cadra eran varios, tan revoltos está o leito. Xa non sei... Mais víronos! Velaí a miña frixia. Segue a durmir en través da porta.

Doulle unha patada no peito e berro: “Cadela, seica non podías...?”. Tan rouca estou que non son capaz de falar.

152.- O DERRADEIRO AMANTE

Rapaz, non pases sen me teres amado. Aínda son belida, na noite; has ver canto máis quente é o meu outono ca a primavera doutra.

Non busques o amor das virxes. O amor é unha arte difícil na que as mociñas novas están pouco versadas. Eu aprendino toda a miña vida para llo dar ao meu derradeiro amante.

Meu derradeiro amante has ser ti, seino. Velaquí a miña boca, pola que un pobo empalideceu de cobiza. Velaquí os meus cabelos, os mesmos cabelos que Psafa a Grande cantou.

Hei reunir, en teu beneficio, todo o que me ficou da mocidade perdida. Hei queimar as propias lembranzas. Heiche dar a flauta de Licas e o cinto de Mnasadica.

153.- A POMBA

Dende hai moito tempo son belida e chega o día no que xa non hei ser muller. Entón coñecerei as lembranzas esgazadoras, as queimantes cobizas solitarias e as bágoas nas mans.

Se a vida é un longo soño: de que serve resistirlle? Agora, catro ou cinco veces na noite quero gozo amoroso, e cando os meus costados están exhaustos adormezo onde o meu corpo cai.

Á mañá, abro as pálpebras e os meus cabelos arrepíanse. Na miña fiestra hai unha pomba e eu pregúntolle en que mes estamos. Ela dime: “É o mes no que as mulleres están en amor.”

Ah, calquera que sexa o mes, a pomba conta a verdade, Cipria! E eu boto os meus dous brazos de arredor do meu amante, e con grandes tremores estiro ata o pé do leito as miñas pernas aínda entalecidas.

154.- A CHUVIA NA MAÑÁ

A noite vaise. As estrelas afástanse. Velaí que as derradeiras cortesás regresaron cos amantes. E eu, na chuvia da mañá, escribo estes versos enriba da area.

As follas están carregadas de auga brillante. Uns regos ao través dos sendeiros arrastran a terra e as follas mortas. A chuvia, pinga a pinga, fai buracos na miña canción.

Oh, que triste e soa estou aquí! Os máis novos non me miran, os máis vellos esquecéronme. Está ben. Han aprender os meus versos, eles e os fillos dos seus fillos.

Velaí o que nin Mirtale nin Tais nin Gliquera se han dicir, o día no que as súas meixelas estean afundidas. Os que amen despois de min han cantar as miñas estrofas xuntos.

155.- A MORTE VERDADEIRA

Afrodita, deusa implacable! Quixeches que tamén sobre de min a mocidade feliz de fermosos cabelos se esvaece nuns poucos días. Por que non morrín eu de a feito!

Mireime no meu espello: xa non teño sorriso nin bágoas. Oh, doce rostro amado por Mnasica, non podo crer que ti fuches o meu!

É posible que todo rematara? Aínda non vivín cinco veces oito anos, seméllame ter nacido onte, e velaquí que teño que dicir: Xa non me han amar máis.

Toda a miña cabeleira cortada enfeixeina no meu cinto e ofrézocha, eterna Cipria! Non cesarei de te adorar. Este é o derradeiro verso da piadosa Bilitis.

O TÚMULO DE BILITIS

156.- PRIMEIRO EPITAFIO

No país no que as fontelas nacen do mar e no que o leite dos ríos está feito de follas de rochas, nacín eu, Bilitis.

Miña nai era fenicia, meu pai, Damófilos, heleno. Miña nai aprendeume os cantos de Biblos, tristesiros coma o alborecer.

Adorei á Astarté en Chipre. Coñecín a Psafa en Lesbos. Cantei como amaba. Se vivín ben, camiñante, dillo á túa filla.

E non sacrifiques por min a cabra negra, mais, en doce libación, apreixa a súa ubre enriba da miña tumba.

157.- SEGUNDO EPITAFIO

Nas ribeiras sombrizas do Melas, en Tamasos de Panfilia, nacín eu, Bilitis, filla de Damófilo. Descanso lonxe da miña patria, ben o ves.

De moi nena, aprendín os amores do Adón e da Astarté, os misterios da Siria santa, e a morte e o retorno cara a *A das pálpebras arredondadas*.

Se fun cortesá, que hai de censurable? Seica non era o meu deber de muller? Estranxeiro, a *Nai de todas as cousas* guíanos. Descoñecela non é prudente.

En gratitude, a ti que te detiveches, deséxoches este destino: Poidas ti ser amado, non amar. Adeus. Lémbtrate na túa vellez de que viches o meu túmulo.

158.- DERRADEIRO EPITAFIO

So as follas negras dos loureiros, so as flores amorosas das roseiras, aquí estou deitada, eu que souben trenzar verso con verso e facer florecer os bicos.

Medrei na terra das ninfas, vivín na illa das amigas, morrín na illa de Cipria. É por iso que o meu nome é ilustre e a miña estela fregada con aceite.

Non chores por min, ti que te detés: fixéronme fermosos funerais, as pranxideiras arrancáronse as meixelas e deitaron por cima da miña tumba os meus espellos e os meus colares.

E agora, polos prados pálidos de abróteas, paseo cal sombra impalpable, e a lembranza da miña vida terrestre é a ledicia da miña vida soterraña.

TÁBOA

Introdución á edición galega

1.- A vida de Bilitis

2: As cancións:

I: Bucólicas en Panfilia

II: Elexías en Mitilene

III: Epigramas na illa de Chipre

Nota: Pierre Louÿs incluía na táboa os títulos das cancións “non traducidas”. Son estes:

22: Reflexións

40: A alegría

56: O leito

63: A contemplación

67: Episodio

73: Recomezo

93: Mirrina

113: A festa nocturna

119: Liberdade

133 A danza de Satira

134: Midzuris coroada

147: Filis